

Unha outra guía para a intervención lingüística

Edición a cargo de Paulo Martínez Lema e Goretti Sanmartín Rei

A Coruña, 2011

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

Universidade da Coruña

Unha outra guía para a intervención lingüística
Edición a cargo de Paulo Martínez Lema e Goretti Sanmartín Rei
A Coruña, 2011
Universidade da Coruña
Servizo de Normalización Lingüística, Servizo de Publicacións
Entidades colaboradoras: Secretaria Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia

198 páxinas
17 x 24 cm
Índice, páxinas 5-6

ISBN: 978-84-9749-502-8
Depósito Legal: C 3155-2011

Materia: 80: Lingüística, Filoloxía. 806.99: Lingua Galega

1ª edición

Servizo de Normalización Lingüística
Servizo de Publicacións

<http://www.udc.es/snl>
<http://www.udc.es/publicaciones>

©Universidade da Coruña

Distribución:

Galicia: CONSORCIO EDITORIAL GALEGO. Estrada da Estación 70-A,
36818, A Portela. Redondela (Pontevedra)
Tel.: 986 405 051, Fax: 986 404 935
pedimentos@coegal.com

España: Breogán. R/ Lanuza, 11. 28022, Madrid
Tel.: 91 725 90 72. Fax: 91 713 06 31
webmaster@breogan.org
<http://www.breogan.org>

Imprime: Lugami Artes Gráficas

Reservados todos os dereitos. Nin a totalidade nin parte deste libro pode reproducirse ou transmitirse por ningún procedemento electrónico ou mecánico, incluíndo fotocopia, gravación magnética ou calquera almacenamento de información e sistema de recuperación, sen o permiso previo e por escrito das persoas titulares do *copyright*.

Índice

«Presentación. A normalización lingüística na Universidade da Coruña»	
Goretti Sanmartín Rei	7
«Unha guía de estilo para a política lingüística. É posíbel?»	
Nel Vidal Barral	11
«Factores sociolóxicos e psico-cognitivos (<i>frames</i> ou encadres) que han ter que ver coa situación do galego a día de hoxe»	
Fermín Bouza	25
«Queremos galego ou impoñemos galego? Breve panorámica verbo dos marcos e discursos (erróneos?) sobre a lingua galega»	
Iván Méndez López	31
«A lingua da crise, a crise da lingua»	
María Pilar García Negro	49
«<i>O português simples</i> (OPs!): socializando a estratégia luso-brasileira para o galego»	
Valentim Rodrigues Fagim	55
«Taller d'espai lingüístic personal»	
Gemma Sanginés	59
«A procura da participación na planificación da política lingüística realizada desde as institucións»	
Xaime Subiela	67
«A dinamización lingüística a través das comisións de normalización: a experiencia da USC»	
Isabel Vaquero Quintela	75

«O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña»	
Nuria Seoane Bouzas	81
«O contexto sociolingüístico da cidade de Ferrol. A experiencia en normalización lingüística nos concellos»	
Beatriz Bascoi Maceiras	85
«(Re)pensar o discurso»	
José María Sánchez Carrión	95
Proposta de funcionamento das comisións de normalización lingüística	
David Cobas Medín	137
Anexos	
Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña	169
Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña	177

Presentación

A normalización lingüística na Universidade da Coruña

GORETTI SANMARTÍN REI

Todos os traballos que se inclúen neste volume presentan reflexións e propostas para desenvolvermos na actualidade unha planificación lingüística que coadxuve á recuperación de usos da lingua galega. En todos eles paira a necesidade da existencia dunha vontade normalizadora e a total convicción de seren precisas medidas e accións que impliquen a cidadanía e que a convertan en protagonista do seu futuro lingüístico e cultural. Con todo, existe unha responsabilidade institucional que non podemos obviar e que, no caso concreto das universidades, debe traducirse en compromisos firmes que conduzan non só a un incremento e a unha mellora do uso da lingua galega na docencia e na investigación senón tamén a situar a comunidade universitaria na vangarda do pensamento, da reflexión e do coñecemento sociolingüístico e planificador.

A partir do ano 2004, coa chegada de José M^a Barja á Reitoría da Universidade da Coruña e a aposta por unha planificación lingüística que fomentase o uso do galego nesta universidade, desenvolvéronse unha serie de iniciativas que, desde diferentes ámbitos, estaban orientadas a un obxectivo principal: sentar as bases dunha política lingüística participativa que procurase a implicación de todos os sectores da comunidade universitaria. Desde a perspectiva legal, a Universidade da Coruña non só establece nos seus Estatutos (artigo 5.2) que o galego é a lingua propia da Universidade e que fomentará o seu uso en todas as actividades, senón que en xullo de 2004 aproba o Regulamento de usos da lingua galega, que sinala os usos lingüísticos internos e externos e asume a responsabilidade de avanzar no proceso de normalización da lingua galega. Deuse así un primeiro paso que significaba facer público o compromiso do equipo de goberno co galego ao abordar as cuestións básicas sobre as que unha e outra vez cómpre volver, pois coñecemos ben que nesta materia, como noutras, a lexislación non abunda e é precisa a vontade firme para manter os logros conseguidos. Como en tantos outros ámbitos, por exemplo no que respecta aos dereitos das mulleres, sabemos de

situacións de retroceso acelerado, de volta para a casa repentina daquelas que xa chegaran á universidade ou que exercían diferentes profesións.

Recoñecemos, pois, que aquilo que fica recollido nun documento consensuado debe reaparecer cada certo tempo, actualizarse e ser obxecto de avaliación para que o seu efecto poida continuar a ser un modelo real e non un exemplo formal e ritual. Nesta liña, para avanzar máis no proceso de implicación de toda a comunidade universitaria, a Universidade da Coruña realiza unha aposta por elaborar o plano de normalización lingüística de que carecía naquela altura, tal e como recollía o Plan xeral de normalización da lingua galega. Foi así como, tras numerosas reunións e debates, en decembro de 2006, o Consello de Goberno aproba por unanimidade o Plano de normalización lingüística da Universidade da Coruña. Nel realízase un diagnóstico acaído da situación da lingua galega nesta universidade, partindo tanto do diagnóstico sociolingüístico xeral, que naquela altura xa constaba de moitos estudos con datos de relevancia, como da Análise sociolingüística da Universidade da Coruña que realizara Antón Álvarez Sousa con datos recollidos a finais de 2003 e que se publicou en 2005.

O desenvolvemento do plano de normalización significou a aplicación directa de medidas que nel se recollían, como a necesidade de impulsar a docencia en lingua galega a través de incentivos para a formación do profesorado, un aspecto que a Vicerreitoría do Profesorado experimentou coa iniciativa dun programa plurianual de fomento do plurilingüismo. Outras iniciativas relacionadas co plano significaron a constitución de comisións de normalización lingüística nas facultades e nas escolas da Universidade da Coruña, coa intención de estas serviren de referente próximo á comunidade universitaria e de descentralizar o labor que se desenvolvía desde o Servizo de Normalización Lingüística a nivel central, unha tarefa tamén reforzada co creación de dúas prazas máis de persoal técnico de Normalización Lingüística na RPT.

As comisións de normalización dos centros levan anos desenvolvendo unha actividade irregular, mais con resultados de grande interese, quer por implicar o alumnado e profesorado a través de concursos e premios, quer por desenvolveren xornadas e actividades de promoción da lingua de moi diverso tipo e orientadas a diferentes públicos receptores. Coa intención de reforzar estas comisións, realizáronse xornadas de formación abertas a toda a comunidade universitaria mais especialmente dirixidas aos seus membros. Varios dos relatorios que se inclúen neste volume pertencen a esas xornadas. Eis o de Isabel Vaquero, que coordina o labor de dinamización da Universidade de Santiago de Compostela e que nos ofreceu a experiencia dunha universidade pioneira nestas tarefas, o de David Cobas, que partillou as actividades dinamizadoras na Universidade da Coruña a través dun contrato temporal para apoiar o labor destas comisións e deseñou propostas e elaborou documentos básicos para o seu funcionamento, o de Xaime Subiela, que nos abre os ollos a respecto da necesidade de procurarmos a

participación na política lingüística realizada desde as institucións ou os de Nuria Seoane e Beatriz Bascoi a nos situaren noutros contextos de normalización, como o dos concellos das cidades onde existe presenza de centros desta universidade, A Coruña e Ferrol. Estiveron presentes nestas xornadas de formación outras persoas de referencia no ámbito normalizador, como Alba Nogueira ou Manuel N. Singala, cuxos relatorios non se inclúen neste volume por se realizaren desde unha perspectiva didáctico-expositiva e por partiren de textos xa, parcialmente, publicados. Por outra parte, o texto de Nel Vidal iniciouse coa súa participación tamén nestas xornadas de formación, en que se prestou a tentar conseguir uns criterios básicos en que puidésemos confluír as persoas que traballamos neste ámbito, para máis tarde ser ampliado no marco do VII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística, (Re)pensar o discurso. Desta experiencia saen tamén as reflexións de Iván Méndez López, de Fermín Bouza, de M^a Pilar García Negro, de Valentim Rodrigues Fagim, de Gemma Sanginés e de José M^a Sánchez Carrión, a quen agradecemos (xunto con Celso Álvarez Cáccamo, que tamén participou no curso) inmensamente as súas achegas nun momento crítico para a lingua galega. Decidimos, no caso das contribucións de Gemma Sanginés e de José M^a Sánchez Carrión, deixar os textos no idioma orixinal en que foron presentados e redixidos. Queremos deixar constancia do agradecemento a José M^a Sánchez Carrión por partillar connosco esta experiencia despois de varios anos de falta de participación pública e nun momento delicado para a súa saúde. Tiña o desexo de lle respectarmos íntegra e rigorosamente o contido do seu discurso e así o facemos. Igualmente recoñecemos o labor desenvolvido por Paulo Lema na organización e no asesoramento deste curso de verán.

Continuádomos o fío do labor desenvolvido polo Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña, cómpre subliñar a aposta por aquelas actividades que implicasen o sistema universitario galego no seu conxunto, cuxa mellor mostra está na convocatoria do Premio Luísa Villalta a Iniciativas Normalizadoras, en principio dirixido só ao alumnado da Universidade da Coruña para logo se ampliar esta convocatoria a toda a comunidade universitaria galega. Nesta mesma liña, foi a Universidade da Coruña a que propiciou a creación da Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, seguindo as directrices do Plan xeral de normalización da lingua galega, e tentando cubrir un oco na planificación lingüístico no nivel superior de educación. Durante un espazo de aproximadamente ano e medio de duración, após o convenio que asinaron os reitores da Universidade da Coruña, da Universidade de Santiago de Compostela e da Universidade de Vigo, a coordinación desta comisión recaeu na primeira das universidades mencionadas. Desta experiencia saíron pronunciamentos a prol do uso do galego e campañas específicas como a de En galego tamén se fai ciencia, coa implicación de científicos/as de prestixio que declaran con orgullo a utilidade do galego.

Finamente, para non continuarmos nunha detallada explicación de actividades de formación, de asesoramento e de dinamización lingüísticas, queremos deixar constancia

tamén do salto cualitativo que supón a publicación de dicionarios tras unha primeira etapa de vocabularios de diferentes ámbitos que procuraban animar o profesorado e o estudantado a usaren o galego na docencia e na investigación. A primeira das achegas é o Dicionario de química, coordinado por Ramón Vilalta, pola parte profesional, e corrixido cun rigor digno de gabanza por Xesús Mosquera Carregal, técnico de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña.

Cando rematamos o proceso para enviar ao prelo este volume, coñecemos a dramática noticia de se converteren os/as técnicos/as de Normalización Lingüística nas persoas que coa excusa de pagaren a crise diversas administracións decidirán eliminar. E todo iso co visto e prace das autoridades que promoven unha rede de dinamización lingüística que non esixe un mínimo compromiso co idioma ás institución que desexaren formar parte dela. Porén estamos convencidas de que a verdadeira rede, as verdadeiras redes, é aquela que leva anos a traballar tendo erros e acertos na súa práctica mais demostrando constantemente que os seus obxectivos son reforzar a lingua e promover o seu uso.

A Coruña, novembro de 2011

GORETTI SANMARTÍN REI

Unha guía de estilo para a política lingüística. É posíbel?

NEL VIDAL BARRAL

1. Unha guía de estilo?

Hai dous anos, en 2009, na quinta edición do Curso de verán de dinamización lingüística, comezamos unha liña de traballo «novidosa», tanto na temática como na metodoloxía. Na metodoloxía por dedicarlle boa parte do curso ao traballo en grupos, a fomentar a interacción e o intercambio de opinións entre todas as persoas participantes e por discutirmos entre todas o que todas dicíamos. E na temática porque, por primeira vez, centrabamos o programa nos argumentos para a normalización lingüística... Cento cincuenta e seis anos despois da publicación de *A Gaita Gallega* ou vinte e seis anos despois da aprobación da Lei de normalización, e nós considerando novidoso e necesario falar dos argumentos para a normalización lingüística!

E agora, no 75 aniversario do Estatuto de Autonomía de Galiza de 1936, seguimos (re)pensando o discurso...

Nesa edición do curso difundimos unhas, creo que moi útiles, conclusións xerais¹, que recomendo reler de cando en vez. Boa parte delas estaban vencelladas co discurso, como por exemplo xa a primeira (É preciso elaborarmos un abano de argumentarios dirixidos aos diversos grupos e subgrupos sociolingüísticos existentes na complexa realidade galega), a terceira (Cómpre dotar os discursos sobre a lingua de novos argumentos, imaxinativos, modernos, claros, rigorosos, integradores, coherentes, firmes e conciliadores) ou a quinta (A promoción do galego debe ligarse con valores sociais positivos, coa construción dunha xustiza social que garanta as posibilidades de desenvolvemento real de calquera elemento desfavorecido).

¹ http://www.ctnl.org/upload/des/170-a-conclusions_xerais.pdf

Esas conclusións de 2009 xa (re)pensaban o discurso, e co tratado na edición do mesmo curso en 2011 creo que poderíamos comezar a ir encaixando todo nunha posíbel guía de estilo para a política lingüística que servise para consolidar o noso marco ideolóxico, as ideas que nos unen, analizar os valores e principios esenciais e artellar unha linguaxe propia e coherente con ese marco e eses valores e principios. En definitiva, para crearmos un discurso máis eficiente a prol da normalización lingüística.

Olo! Crearmos un discurso máis eficiente non pode significar en ningún caso modificar os obxectivos da normalización, máis ben ao contrario, trataríase de intentar mellorar os medios para conseguir eses obxectivos e facelo de maneira decidida e honesta, expresando de xeito sincero no que de verdade cremos, mais comunicando de maneira máis clara e máis eficiente para conseguirmos o apoio cidadán. Isto é, construímos os nosos propios marcos conceptuais levando a iniciativa.

Esta é a idea para unha reflexión e un traballo colectivo que está por facer: articular o discurso a prol da normalización lingüística en todas as súas manifestacións. Articulalo pensando no longo prazo. Articulalo proactivamente, e non reactivamente... Credes que podería ser posíbel?

Neste camiño hai importantes claves en diversos traballos publicados nos últimos anos (algúns dos cales están citados na bibliografía), que é preciso que teñamos en conta. Este relatorio oxalá puidese incluír solucións, mais realmente só contén, implícita ou explicitamente, moitas dúbidas e unhas poucas reflexións discutíbeis, a partir de ideas que algúns destes traballos conteñen, e intentando botar man tamén de análises e propostas da lingüística cognitiva a través de Lakoff. A única intención aquí é lanzar unha serie de preguntas, dúbidas e algunha idea solta.

Aínda así, fáltannos algúns datos descritivos sobre a relación cidadá con determinados discursos, sobre os cambios sociais e fáltannos tamén profesionais que traballen nisto desde diferentes ámbitos, como a comunicación, a socioloxía, a mercadotecnia, etc., pois non creo que só participando profesionais da lingua poidamos acadar o obxectivo.

2. Discursos sobre o galego

Imaxinei máis dunha vez situacións como, por exemplo, un señor traballando na leira co seu tractor e escoitando dicir na radio: «*Yo tengo derecho a elegir en que lengua estudia mi hijo*». Dirá: «Claro, pois eu tamén!». Ou a unha opositora á que outra compañeira lle di: «*A mi no me van a imponer en que idioma tengo que hacer el examen*». Dirá: «Pois a min tampouco!».

É coñecida tamén unha anécdota contada pola escritora e comunicadora Yolanda Castaño, que lle preguntou a unha amiga que acababa de ter un pequeno ou unha pequena en que lingua lle ía falar, e esta respondeulle: «Ah, yo nada de imposiciones, eh!».

Eis o éxito conseguido nos últimos anos polo discurso antinormalizador. Conseguiron chegar a todo o mundo cunhas ideas moi comprensíbeis e sinxelas... Conseguiron «convencer».

Os discursos contrarios ao uso, fomento e recuperación do galego non son nada novo, e fóronse conformando e mantendo ao longo dos séculos. Así, conseguiron ir instalando na cidadanía prexuízos relacionados coa suposta falta de utilidade do galego, prexuízos que o ligan coa pobreza e co atraso, a asociación do seu uso como sinal de descortesía ou mala educación, prexuízos relacionados coa imposición, a caracterización pexorativa e a (in)competencia dos/as falantes ou a asociación do uso da lingua galega como marca ideolóxica ou profesional.

E aínda que desde os Precusores do Rexurdimento se comezaron tamén a conformar os discursos favorábeis á recuperación do galego, eses prexuízos nunca desapareceron, e no momento en que se puido percibir algún tímido avance na mellora das actitudes lingüísticas da cidadanía, desde os ámbitos contrarios ao proceso de normalización conseguiron redefinir a súa linguaxe para facer o seu discurso moito máis eficiente.

E fixérono de maneira planificada co apoio e asesoramento de grupos especializados en análises e ideas, como a Fundación Faes², e contando con profesionais da comunicación e a mercadotecnia política.

Esa planificación da linguaxe podémola comprobar, por exemplo, na evolución da marca da entidade comunicadora do discurso contrario á defensa do galego, que pasou de se chamar «Tan gallego como el gallego³» (nome que remite directamente só á defensa do castelán), a se chamar «Galicia Bilingüe» (amosando unha falsa neutralidade na procura da empatía cidadá), exemplo claro da redefinición dos termos do debate lingüístico.

Con tácticas deste tipo, conseguiron crear un discurso cunha linguaxe sinxela e comprensíbel que os medios de comunicación contribuíron a difundir e a facelo chegar ao conxunto da cidadanía.

² <http://www.xornal.com/artigo/2009/05/15/galicia/autor-estudios-gallego-faes-impulso-galicia-bilingue/2009051420274964454.html> ou <http://feijooomente.blogaliza.org/?p=1409>

³ <http://www.youtube.com/watch?v=f3Ks1pykA3M>

Os termos do debate fóronnos escapando e cedemos incluso parte da linguaxe, que os contrarios á normalización se encargaron de redefinir, como por exemplo, as ideas de «liberdade», «igualdade», etc. Comezaron a dominar o debate, e isto permitiulles convencer.

«La solidez argumental de nuestro discurso comenzaba a provocar grietas en toda una serie de absurdos dogmas que pretendían justificar restricciones de derechos con el pretexto de que se trataba de proteger y promocionar una lengua, y no sólo eso, sino que esa lengua tendría que ser asumida como lengua de uso habitual de todos los gallegos porque se trataba de nuestra principal seña de identidad». Fragmento de *Nace Galicia Bilingüe*, no web desta asociación.

O que fixeron foi esforzarse en redefinir as súas palabras, é dicir, en cambiar o marco asociado cunha palabra co fin de axustala á súa visión. Lograron mudar o sentido dalgúns dos nosos conceptos máis importantes e roubáronnos a linguaxe.

Os sentimentos de rebeldía ante inxustizas, opresións, etc., deben atopar unha canle de expresión nos argumentos, ideas e palabras que, polo xeral, non son froito espontáneo, senón que necesitan imaxinarse, documentarse, debaterse até que sirvan para mobilizar conciencias e transformar.

Conseguiron facer iso. Nós non. Os nosos sentimentos de rebeldía ante as inxustizas e opresións que sufriu e sofre a lingua galega e os seus falantes non conseguimos canalizalos en argumentos, ideas e palabras claras e sinxelas asumíbeis como propias pola maioría social. E iso é unha das cousas que debemos procurar.

Así, debemos entender cales son os valores de a quen nos diriximos, e adaptar a linguaxe aos seus marcos de comprensión e interpretación do mundo para, deste xeito, transmitirilles os nosos valores.

3. O que queremos conseguir

Lembro unha nube de puntos sobre actitudes lingüísticas en relación coa administración pública e vida política que presentou Carlos Neira no seu relatorio «Actitudes lingüísticas en Galicia: unha aproximación cuantitativa» nos XIII Encontros para a normalización lingüística⁴. A partir da enquisa feita para o estudo, situaba as persoas que máis defenden o proceso de normalización lingüística moi afastadas da maioría social, dos posicionamentos maioritarios da poboación.

⁴ <http://www.consellodacultura.org/mediateca/evento.php?id=213>

Se damos por certa esa posición «excéntrica», como el definiu –no sentido de estar lonxe da maioría da sociedade–, o que teremos que conseguir será que os posicionamentos a prol da normalización da lingua galega estean, nesa representación, o máis achegados posíbel á maioría social, polo tanto, que deixen de ser «excéntricos»..., que sexan os desa maioría social. Mais, para iso, con respecto ao discurso, creo que hai dúas opcións:

ou mudar o noso discurso para adaptalo ao da maioría, renunciando a obxectivos no proceso de normalización lingüística co fin de procurar consensos coa parte maioritaria da sociedade (achegarnos ao centro da nube),

ou reformular o discurso na procura dunha maior capacidade de empatía, de tal xeito que non se modifiquen os obxectivos nin os valores do proceso de normalización lingüística, senón que se comuniquen dun xeito máis eficiente procurando convencer os diversos grupos sociais (achegar o centro da nube a nós).

Polo tanto, se procuramos a normalización lingüística, sen rebaixar obxectivos temos que conseguir comunicar de maneira máis clara e máis eficiente para conseguirmos o apoio cidadán, para convencer. Ademais, claro, de desenvolver accións e medidas decididas e eficaces, e unha política lingüística activa que persiga os mesmos obxectivos.

Como é lóxico, calquera táctica que pase por renunciar aos obxectivos..., non pode servir, ao mesmo tempo, para acadalos.

Ademais, adoptar unha posición na que realmente non se cre non só reflicte unha falta de integridade, senón que é unha estratexia equivocada e ineficaz, pois cando se renuncia á autenticidade, renúnciase aos valores e á verdade.

Se traballamos a prol da normalización é por considerarmos que é bo, o máis xusto, o mellor. Mais, temos que conseguir que o resto da poboación tamén vexa que recuperarmos o galego é bo, o máis xusto, o mellor. Deste xeito, temos que preocuparnos de transformar iso en linguaxe, para conseguirmos que as nosas verdades sexan visíbeis tamén para as demais persoas, e que os nosos sentimentos sobre o que é xusto se traduzan en razoamentos efectivos.

4. O que nos une e queremos transmitir

O importante é conseguirmos transmitir os nosos valores, os valores do fomento e recuperación do galego, e acadarmos que a maioría da xente estea de acordo con eles.

Mais, para esa non doada tarefa, antes temos que ter claro, por un lado, cales son realmente os obxectivos e, por outro, cales son eses valores que queremos transmitir.

Como se sinala no relatorio de Iván Méndez neste mesmo volume, sempre houbo e segue habendo, quizais acentuadas nos últimos tempos, discusións dentro do movemento normalizador sobre cal debe ser hoxe en día o papel exacto do galego na sociedade. Esas discusións, que todas e todos coñecemos, baséanse case sempre en remarcar diferenzas concretas que pode haber nas cosmovisións de diferentes grupos. Hexemonía social, monologüismo defensivo, lingua pública común, monolingüismo social, monolingüismo defensivo, bilingüismo restitutivo... Uns grupos rexeitan un termo, outros o outro...

Debater e discutir é bo e necesario, mais, poñer por diante e acentuarmos as diferenzas terminolóxicas dos «distintos tipos» de defensores/as do galego antes que poñermos en valor o propio feito de sermos todas/os defensoras da lingua creo que non, que non é bo, que non é efectivo.

A unidade é fundamental, e non debemos perder tempo nin esforzos en salientarmos as posíbeis diferenzas nin en respondérmolos continuamente. Ademais de non ser bo, podemos dedicarlle ese tempo a outras cousas.

Como por exemplo, a acordarmos cal é ou cales son as mensaxes que xulgamos que a cidadanía debe percibir do noso discurso para acadarmos o que todas e todos defendemos en conxunto, que é a «normalización lingüística».

Sobre isto, do artigo de Núñez Singala, en Sanmartín Rei (2010: 195), en liñas moi xerais, pódese concluír que cómpre que na mensaxe normalizadora a cidadanía perciba:

- Que o galego é un elemento imprescindíbel
- Que a diversidade é unha vantaxe
- Que o galego non pode sobrevivir só (e que, polo tanto, se necesita o compromiso, consciente ou inconsciente, das/os falantes)
- Que o galego non é un idioma minoritario, menor, pequeno, inferior

A esta listaxe quizais poidamos ir sumando outras ideas, como por exemplo que cómpre que se identifique o galego co propio, ou coa xustiza social, ou coa liberdade, etc.

E en diferentes sectores da cidadanía, cómpre que se perciban unhas cousas máis ca outras, para que así a mensaxe sexa máis eficiente. Isto é, trataríase de identificar cales son os valores que queremos transmitir e en identificar cales son os marcos dos distintos grupos e subgrupos sociais (rurais ou urbanos, xente moza ou xente maior, etc.), para así intentar transmitir os valores e a mensaxe adaptada a eses distintos grupos e subgrupos,

de xeito que sexa comprensíbel e asumíbel, e para procurar a imprescindíbel empatía e facer que o noso discurso sexa eficiente, polo tanto, convincente.

Por exemplo, a identificación do galego co propio podería ser unha mensaxe efectiva para se dirixir á sociedade galega máis tradicional, que valora moito o propio, a propiedade. Entón, se conseguimos que vexan a lingua tamén como algo propio, é posíbel que entendan mellor a súa importancia, que a valoren máis, que non a queiran perder. Ou, tamén por exemplo, a identificación coa xustiza social pode ser máis efectivo que outros valores á hora de achegarse a sectores sociais comprometidos con outras causas que se basean nese mesmo valor, como organizacións de cooperación social, por exemplo.

Notas sobre algúns deses valores e ideas que cómpre transmitirmos

SOBRE A LIBERDADE

Como dixemos, o discurso contrario á normalización do galego conseguiu redefinir as palabras para axustalas á súa visión. Lograron mudar o sentido dalgúns conceptos, e o termo ‘liberdade’ é un claro exemplo disto, igual que ‘igualdade’, ‘dereitos’, etc. E isto, claro, non é algo illado que acontecera só no ámbito da lingua e só aquí, é algo que o neoliberalismo está conseguindo facer a nivel global.

No noso ámbito comezou a aflorar a idea de liberdade para elixir a lingua (o castelán) no ensino, liberdade para que as persoas ao servizo da administración pública utilicen a lingua que queiran (o castelán), liberdade para mercar os libros de texto na lingua que se quixese (en castelán), liberdade para facer os exames das oposicións na lingua preferida (en castelán), etc., etc., etc. Mais, como sinala Teresa Moure (2011: 46), «a liberdade non está en falar o que se queira –como aseguran os ignorantes–, senón en desatarmos os lazos con que nos queren apreixar».

Cómpre que na mensaxe normalizadora a cidadanía perciba que se está traballando pola liberdade, pola liberdade colectiva e, por tanto, polas liberdades individuais (que só pode habelas se hai liberdade colectiva), pola liberdade sen interferencias. Pois:

- Vai ser libre a usar a lingua que queira unha persoa que só vai adquirir competencia axeitada en castelán?
- É libre unha adolescente a falar galego nunha cidade con todo o que a rodea?
- É compatíbel a liberdade coa presión exercida durante séculos sobre a nosa lingua?
- Pode haber liberdade se hai complexos?
- O persoal ao servizo da administración pública ten dereito a falar e escribir na lingua que queira, ou temos os/as demais cidadáns dereito a que nos atenda en galego?

- Podemos ser libres se xa ás xeracións anteriores lles roubaron a súa/nosa lingua?
- Se nunhas oposición reparten os exames en castelán e despois din que se hai alguén que o queira en galego, que levante a man..., é iso liberdade?
- É libre unha persoa para informarse en galego cando só hai prensa en castelán?
- Pode haber liberdade cando houbo imposición do castelán ao longo dos séculos?
- É compatíbel a liberdade coas ridiculizacións?
- Se asinar unha hipoteca en galego tarda un mes máis, son libre para elixir?
- Pode haber liberdade cando hai prexuízos?

Por exemplo, que a educación sexa «obrigatoria», non quere dicir que limite a liberdade dos individuos, senón todo o contrario, favorece a darlles a todos os coñecementos básicos para que así poidan ser realmente libres, para que así a súa ignorancia non sexa un elemento que lle coarte a súa liberdade.

Como sinala Teresa Moure (2011:109): «Loitarmos pola lingua con que a nosa tribo ollou desde antigo as cousas todas é tanto como asegurarmos a dignidade, reconstruírmos a identidade colectiva, en nome de quen veña detrás. Loitarmos pola lingua é loitarmos pola liberdade».

A liberdade é un valor do proceso de normalización lingüística, e así cómpre que o perciba a cidadanía, polo que así cómpre que o transmitamos, implícita e explicitamente, no noso discurso.

SOBRE QUE O GALEGO NON É LINGUA MINORITARIA, MENOR, INFERIOR

Sinala Núñez Singala, en Sanmartín Rei (2010: 203): «Lingua minoritaria, lingua minorizada, lingua menos estendida, lingua pequena. As palabras non son inocentes e todas estas expresións usadas decote transmiten unha mensaxe moi clara sobre a catívez da lingua galega. En realidade o número de falantes non inflúe para nada nas características dunha lingua. Non existen linguas mellores ou peores».

Esta idea de transmitir que o galego non é un idioma minoritario podería considerarse contraria á de, por exemplo, Pilar García Negro en Sanmartín Rei (2010: 176) ou Carlos Callón (2010: 224), que sinalan que considerar o galego maioritario pode ser unha táctica «adormecedora e desactivadora» (García Negro) ou «narcótica» (Callón), pois non pode falarse de maioritario sen estar case presente na etiquetaxe, ou na publicidade, na rotulaxe comercial, na sanidade, nas notarías, nos xornais, nos xulgados, nas revistas, nas aseguradoras, nos bancos, nos supermercados, nas tendas de roupa, nas autoescolas, nos xoguetes, no cinema...

Non estando en desacordo con ningún dos posicionamentos, que non considero incompatíbeis, creo que se pode combinar a idea de non transmitir que o galego é un idioma minoritario, inferior, menor, con percibir que está practicamente ausente deses ámbitos. Entón, como combinar estas dúas posturas? Pois posibelmente adoptando tácticas máis centradas nas solucións. Isto é, non perdermos obxectividade na descrición da situación, máis centrando os nosos esforzos nas alternativas e na persuasión para acadar que esa situación mude. É dicir, en sermos proactivos, e non reactivos.

Entón, cómpre transmitirmos que o galego é unha lingua que ten todas as características que ten calquera outra, que cumpre exactamente o mesmo papel que as outras, que non é menor nin inferior, mais é a que se creou neste territorio e que, polo tanto, contén a cosmovisión que se foi creando cos nosos antepasados de acordo coas necesidades, relacións, visións do mundo, acontecementos, etc. Xa que logo, no noso territorio non pode haber un instrumento de creación da realidade mellor que a lingua galega.

SOBRE A XUSTIZA SOCIAL

Asociarmos o proceso de normalización da lingua galega coa xustiza social é unha materia que temos pendente. Defendemos o galego porque é o noso idioma propio, o que lle corresponde a este pobo, o creado aquí e o que contén unha cosmovisión única, e defendémolo por iso e porque historicamente foi apartado, desfavorecido, marxinado..., entón debemos ter claro que, sobre todo, estamos a defendelo porque é o xusto, porque traballamos na construción da xustiza social. E iso debe percibirse sempre no noso discurso e debe ser un elemento que procure tamén a empatía con todos os sectores máis sensíbeis coa xustiza social alén da lingüística.

SOBRE A UTILIDADE

O argumento da utilidade do galego forma parte de xeito constante, implícita ou explicitamente, do noso discurso. E, claro, que a cidadanía perciba que o que se lle está recomendando usar é algo útil, é fundamental. Por iso é preciso crear espazos e situacións de utilidade e comodidade, nas que a lingua galega se perciba necesaria, agora ben, empregar a utilidade como discurso, como argumento, creo que é, cando menos, discutíbel. É útil o inglés para a maioría das galegas e dos galegos? E o chinés? É útil estudar obrigatoriamente 10 anos de matemáticas, con logaritmos, ecuacións, etc., cando, a maioría da xente na súa vida só precisa sumar, restar, dividir, multiplicar e facer regras de tres (o que se pode aprender nun só curso)? É útil a literatura? É útil a física? É útil a música? Habará quen diga que é útil para quen o sexa.

Ademais, córrese o risco de entrar nunha competición viciada de que lingua é máis útil... Si, o galego podería ser útil para traballar na hostalaría en Santa Comba ou en Carballo, mais para traballar na hostalaría na Coruña ou en Vigo quizais sexa máis útil o castelán. Si, a través do galego temos acceso a un universo de 178 millóns de persoas que falan portugués, mais a través do castelán a case o dobre etc.

Cómpre, na práctica e nas accións que desenvolvamos desde o ámbito da normalización, crear espazos e situacións nas que o galego se perciba necesario, mais usar no discurso a utilidade como argumento e valor non sei se é sempre axeitado e/ou positivo.

SOBRE O CONFLITO LINGÜÍSTICO

A normalización lingüística non procura o conflito..., mais atópao.

Cando unha persoa galegofalante ten que asinar unha hipoteca, facerlle unha consulta á súa compañía de teléfono ou contratar un seguro para o seu coche, o que quere é ter unha hipoteca para así mercar unha vivenda, que lle resolvan algunha dúbida relacionada co servizo de telefonía ou ter cubertos os posíbeis sinistros que poida ter na estrada.

Mais, se lle negan o dereito fundamental de poder acceder a eses servizos na súa lingua, quen está a procurar o conflito?, quen lle nega o dereito ou quen quere usar normalmente a súa lingua?

Como sinalan Suay e Sanginés (2010: 124), «Quan una persona practica sistemàticament la submissió (lingüística o d'un altre tipus), sol tenir la percepció que no hi ha situacions de conflicte. Pot semblar paradoxal, i tanmateix, no n'és gens. La raó és que la persona submisa n'asummeix íntegrament el cost (sotmetent-se sempre ella) i així, el xoc d'interessos no aflora en cap moment: d'ací ve la percepció de no-conflicte».

Por iso, se nestes casos e noutros semellantes practicamos a submisión, estamos a negar os feitos, a reprimir os sentimentos, a agochar o conflito e a imposibilitar o avance. E a única maneira de avanzar será a de non sometérmonos e non escaparlle a ese conflito, mais un conflito non creado ou procurado por nós, senón provocado por quen nos impide usar libremente a nosa lingua.

Esta idea creo que pode ter relación e algunhas repercusións no discurso. A maioría das persoas lingüísticamente concienciadas poden entender e asumir o conflito, mais esas persoas concienciadas son unha minoría das galegofalantes. A maioría da poboación, en todos os ámbitos e circunstancias, asocia o conflito con algo negativo, con algo que cómpre evitar. Entón, no noso discurso, creo que sería interesante tamén asociar o conflito con quen o provoca, e non con que o sufrimos, e presentar a normalización lingüística como a solución.

Agora mesmo é posíbel que a maioría da poboación asocie conflito lingüístico con uso do galego, e o que teríamos que conseguir é que o asociase con imposición do castelán.

5. Estamos a favor...

«Ya estamos hartos de estar en contra.

De ir a ver pelis en contra,

de ir a manis en contra

de ir a conciertos en contra...

A partir de ahora estaremos a favor.

A favor, hasta de ir en contra»

Albert Plá

...DA EMPATÍA

A 'empatía' poderíamos definila como a habilidade para comprender os puntos de vista, emocións e sentimentos doutras persoas e para entender as súas estruturas do mundo, os seus marcos. A empatía non significa estar de acordo con esas estruturas nin con eses marcos, e moito menos abandonar os nosos propios. Mais, o que si nos permite, é entender esas visións dos demais para así poder transmitir mellor os nosos valores e adaptar a nosa linguaxe a eses marcos de comprensión das outras persoas, na procura do convencemento,

Por iso, considero importante que as accións e os discursos a prol da normalización lingüística deban basearse na empatía.

Seguindo a Lakoff (2011b: 41), comprender a maneira de entender as cousas, os valores e as estruturas de a quen nos estamos a dirixir é fundamental para poder articular o que temos que dicir e procurar a mellor maneira de dicilo. Isto é, non é o mesmo dirixirse, por exemplo, a xente nova, castelanfalante e urbana, que a xente maior, galegofalante e rural; ou a persoas monolingües convencidas que a bilingües diglósicas.

Se cadra, mensaxes que vencellen a normalización lingüística coa insubmisión ou coa rebeldía non son, en xeral, moi efectivas para se dirixir á nosa poboación rural, pois eses son dous valores que, maioritariamente, non entran nos seus marcos, mais si que poderían ser mensaxes máis efectivas para uns e unhas adolescentes en plena efervescencia.

Se queremos persuadir e que a maioría da cidadanía apoie a normalización lingüística, a empatía é fundamental.

...DA POSITIVIDADE

Adaptando a Suay e Sanginés (2010: 52), decote as persoas ás que nos interesa e que nos preocupamos polo galego, transmitimos unha certa actitude negativa ou derrotista e –obviamente–, iso non ten un gran potencial para atraer falantes ou conseguir novos usos, máis ben ao contrario, pode ser un forte elemento disuasorio.

Por iso, a importancia da positividade no que transmitamos, da ilusión, do entusiasmo (*Nos camiños do entusiasmo*, titulouse Goretta Sanmartín). Xunto coa empatía, a positividade ten que contribuír á persuasión, a achegar xente ao proceso normalizador.

Somos conscientes de que a situación é mala, mais xusto por iso queremos mudala, polo que o máis eficiente será adoptarmos estratexias centradas nas solucións e no convencemento, para que así mudar a realidade sexa un pouco máis doado.

...DA PROACTIVIDADE

E, xunto coa empatía e positividade, e para intentar convencer mellor, é importante tomar a iniciativa.

A planificación do discurso contrario á normalización lingüística serviulles tamén para levar a iniciativa do debate. Foron marcando o ritmo e nós fomos respondendo, colaborando a difundir as súas ideas. Cada vez que dicían e din que hai «imposición lingüística», nós dicíamos e dicimos que non, que non hai imposición lingüística do galego, que se hai algunha imposición lingüística esa é a do español. E dicimos a verdade⁵, e estamos seguros de que é así, mais contribuímos a fortalecer esa idea de «imposición», que xa conseguiron que a cidadanía teña asociada co galego, polo tanto, contribuímos a fortalecer o seu marco. Caemos na «trampa reactiva», sinalada por Lakoff (2011b: 38).

Ao negar un marco estamos utilizando a súa linguaxe e, así, estamos a evocalo. Para convencer, non podemos limitarnos a negar os argumentos contrarios. Cómpre redefinirmos o marco do debate, tomar a iniciativa, utilizar unha estratexia proactiva, e non reactiva e, polo tanto, utilizarmos unha linguaxe propia, sinxela, convincente, entendíbel e diferente. Cómpre crearmos un discurso cunha linguaxe adaptada aos valores e marcos dos/as destinatarios/as (empatía), cunha mensaxe en positivo, que poida ilusionar e convencer (positividade) e que marque os ritmos do debate (proactividade).

Velaí o noso reto.

⁵ «Non abonda con corrixir unha mentira coa verdade, senón que é necesario enmarcar as cousas coa nosa visión moral para que a verdade se entenda, e é necesario que este novo marco volva delimitar o debate» (Lakoff 2011b: 40)

Bibliografía

- Álvarez Cáccamo, X. M. (2010) (coord.): *Feijóo, o galego e nós* (Ames: Laiovento).
- Callón, C. (2010): *En castellano no hai problema* (Vigo: Xerais).
- Costas, X. H. (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames: Laiovento).
- Freixeiro Mato, X. R. (2008): «Os prexuízos lingüísticos: proposta de clasificación», en *Avantar. Xornal dixital* (3/6/2008) [<http://www.galizacig.com/avantar/opinion/3-6-2008/os-prexuizos-ling%C3%BC%C3%ADsticos-proposta-de-clasificaci%C3%B3n>]
- Lakoff, G. (2011a): *Non penses nun elefante! Linguaxe e debate político*. 2.0 Editora [Tradución ao galego do orixinal *Don't Think of an Elephant!*, 2004]
- Lakoff, G. (2011b): *Puntos de reflexión. Manual del progresista*. Península. 2.^a edición [Tradución ao castelán do orixinal *Thinking Points*, 2006]
- Monteagudo Romero, H. (2009): *As razóns do galego. Apelo á cidadanía* (Vigo: Galaxia).
- Moure, T. (2011): «Vivirnos na propia lingua, un dereito dos pobos». Texto pronunciado o 30 de abril de 2011 en Compostela nos actos convocados pola plataforma Queremos Galego. Editado pola Librería Pedreira
- Moure, T. (2011): *Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética* (A Coruña: Universidade da Coruña).
- Núñez Singala, M. (2009): *En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Sanmartín Rei, G. (2009): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010): *Lingua e futuro* (Ames: Laiovento).
- Suay, F. / Sanginés, G. (2010): *Sortir de l'armari lingüístic* (Angle Editorial).
- Vaquero Quintela, I. (2001): *A dinamización lingüística. Unha introdución*. Coordinadora de Traballadores/as de Normalización da Lingua (CTNL) [Próxima publicación dixital]
- VVAA (2009): *Nova Escola Galega e a lingua. 25 anos en defensa do idioma*. Nova Escola Galega

Factores sociolóxicos e psico-cognitivos (frames ou encadres) que han ter que ver coa situación do galego a día de hoxe¹

FERMÍN BOUZA

1.- *O cambio producido na evolución do PP cara á cuestión lingüística* desde os vellos tempos de Fraga e aínda antes, como é sabido: as políticas restritivas de Feijóo cara ao galego, apoiadas nunha minoría social moi pouco amiga da nosa lingua e que pon por riba da recuperación da lingua propia a liberdade dos pais (no ensino) para elixir a lingua chamada «común», alén das leis e dos costumes, e mesmo do sentido común, e deixando no desamparo ao galego infantil e medio nas grandes urbes, onde ten maiores problemas para sobrevivir. Vimos de saber estes días (sindicato STEG) que o 40% (aprox.) de pais e nais urbanos (sete cidades) elixen o galego como lingua infantil: ben, pois o decreto non permitirá que eses pais cumpran os seus desexos. A cifra do 40% é importante e fala dunha certa recuperación da conciencia da lingua propia. É un dato ben positivo.

2.- *A vitoria do actual PP nas eleccións autonómicas do 2009*, o que lles permite aplicar as súas políticas, xa anunciadas moitas veces e visualizadas cando os seus líderes foron a unha manifestación da organización *Galicia Bilingüe*, a máis activa das organizacións pouco amigas de feito da recuperación do galego, e que se apoian ás veces nun xeito de neoliberalismo lingüístico que, nalgúns casos, chega a usar a vella expresión *se está de morrer que morra*².

3.- *Os súbitos procesos de urbanización de Galicia nos últimos decenios*³, que puxeron a moita xente diante da necesidade de deixar de lado o galego como lingua entendida como

¹ Fragmento da resposta ao lingüista Moreno Cabrera no CDCG, e intervención no VII Curso de Verán sobre Dinamización Lingüística «(Re)pensando o discurso», que organizou o Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña en Carballo, verán de 2011.

² Vilas, Raúl «Y si desaparece el gallego qué?». Libertad Digital, 21/10/2009: <http://www.libertaddigital.com/opinion/raul-vilas/y-si-desaparece-el-gallego-que-51442/>.

³ Precedo, A., Míguez, A., Fernández, M^a Isabel: «Galicia: el tránsito hacia una sociedad urbana en el contexto de la Unión Europea», *Revista Galega de Economía*, vol. 17, núm. extraord. (2008).

ineficiente para a vida urbana e social (e reforzada a crenza na vida de cotío), e que deixarán de ter o galego como lingua inicial para os descendentes ao tempo que o idioma vai quedando como lingua de familia, exclusivamente.

4.- *A actividade antilingua de novos grupos políticos e dos medios máis centrais* (en particular UPyD e os novos medios extremadamente activos neste tema: *Intereconomía, Libertad Digital* etc.), que fan da loita contra as linguas periféricas un xeito de obter votos e apoios entre a xente máis contraria á recuperación lingüística, ao tempo que consolidan unha idea unitarista do Reino de España que ía en declive desde a democracia.

5.- *Xa que logo, a politización da cuestión lingüística*, o que lle resta apoios ás linguas periféricas entre a xente que vota partidos centrais, sobre todo ao PP e a UPyD e facendo do factor «lingua» unha cuestión desa clase, electoral e política.

6.- *A centralidade do tema da crise e o desemprego entre os temas relevantes da Axenda Pública*, o que marxina o tema da lingua e o afasta da primeira plana dos medios e da Axenda Mediática no momento en que, en Galicia, sofre unha actividade negativa do xeito xa citado.

7.- *A idea hiper-optimista de que o galego non pode morrer como lingua viva*, espallada dabondo, mesmo na Galicia crítica. De feito, o galego está a perder falantes a unha velocidade descoñecida.

8.- *A idea absurda e incontrastábel de que o galego-persoa ten unha complexa relación co galego-lingua*, o que explicaría a aparencia de morte, cando non é así: só serían xeitos peculiares dos galegos como pobo, que ás veces fan cousas raras, como non falar o galego.

9.- A idea normativo-sociolóxica de que ou ben a lingua, en xeral, non ten nada que ver coa economía (formas do espírito), ou que ten que ver, de xeito non evitábel, para mal no caso do galego: lingua rural, imposíbel como lingua urbana e de oportunidade. Negación do galego como lingua de modernidade e de progreso.

10.- A idea de que sempre hai tempo para recuperar a lingua propia, porque sempre está aí, latente.

11.- *A idea de que a lingua galega é exclusivamente un luxo cultural que non paga a pena manter* (e isto conecta co punto 9), idea esta moi típica da pequena burguesía urbana pouco ilustrada pero moi importante e activa como clase entre as clases populares e as clases medias.

Estas ideas e feitos, e moitos outros que poderíamos salientar, son unha teimosa e negativa presión sobre a lingua propia de Galicia, que se vai mantendo a forza de voluntarismo e de urbanización demográfica aínda insuficiente nalgunha medida cada vez menor.

As dificultades de chegar a acordos co o actual goberno da Xunta de Galicia fai máis preciso que nunca o deseño de estratexias de futuro para afrontar a recuperación do galego con algunha esperanza de éxito. As estratexias de recuperación son a cuestión menos doada de todo isto, e reclama unha creatividade ao servizo do galego, a posta en común de ideas, a realización de encontros nesta liña, pensando sempre en reintroducir a lingua tendo en conta as cuestións obxectivas que a están facendo desaparecer e as cuestións subxectivas que determinan as crenzas xerais e populares sobre todo isto.

Os proxectos recuperacionistas no futuro do galego

As estratexias de recuperación da lingua (sempre garantindo o castelán como idioma a aprender se alguén non o ten aprendido, cousa que é extremadamente rara no medio urbano de Galicia) terían que ter en conta, un por un, eses e outros puntos negativos posíbeis e tradúcelos en acción positiva, o que non sempre é doado: as tentacións máis claras e extremas son a do amolecemento en nome de quen sabe que datos mal interpretados de xeito erradamente optimista ou o sectarismo ao que nos pode levar unha certa desesperanza e que nos afasta da xente.

Podíamos comezar a ordenar estratexias a levar adiante. Estas e/ou outras, a modo de suxestión:

1.- *Reintroducir a lingua galega entre os problemas que os galegos poñen na Axenda Pública*, o que quere dicir que é preciso espallar a situación real da lingua e a necesidade de defendela, mais non por antollo cultural, senón por necesidade económica. Neste sentido, é preciso non deixar de investigar, falar e debater do tema. O silencio é a morte.

2.- *Reintroducir o galego, cando faltar, na Axenda Mediática*, o que debe de levarnos a facer dos medios un altofalante da lingua.

¹⁴ Christian Salmon no seu libro dedica unha importante parte a falar da famosa Ashley story, un anuncio do Partido Republicano para a campaña electoral de 2004 que serviu para decantar para este bando estados onde había un empate técnico. O vídeo, dispoñíbel en <http://www.youtube.com/watch?v=LWA052-B148> relátanos a historia de Ashley, unha rapaza que ficou orfa de nai logo dos atentados do 11 de setembro, e o seu encontro co daquela presidente e candidato á reelección Bush. Podes achar unha descrición maior desta campaña en Salmon, 2010.

nosas persoas ao mantermos unha conversa ou ao transmitirmos tal medida depende a receptividade correcta. «As verdades teñen que ser enmarcadas» (Lakoff, 2011: 36) e mesmo as mentiras, as difamacións e as medias verdades acaban por se impor por ese enmarcado, como a denuncia que fixo unha señora a cuxo fillo «obrigaban» empregar un libro en galego¹⁵.

E nesas historias é necesario falar dos valores, dos nosos valores, do que queremos como sociedade e, por tanto, do que queremos para a lingua e para os galegofalantes. De recuperarmos eses valores, implicarmos a sociedade e que esta se sinta identificada connosco e co que transmitimos teremos moito camiño andado.

3. ACREDITAR NO QUE FACEMOS E TRANSMITIR ESA CONFIANZA: ENTUSIASMO

Acho que non descubro tampouco nada ao salientar que a actitude é tan importante como o que transmitimos. Chorándonos poderemos erguer compaixón, mais poucas veces paixón. E a lingua precisa paixón, precisa entusiasmo para devolvermos o orgullo que un día nos roubaron, aos que estamos orgullosos e a aqueles en que o noso orgullo é alleo.

Bibliografía

- Castells, M. (2009): *Comunicación y poder*.
- Costas, X.H. (coord.) (2009): *55 mentiras sobre a lingua galega* (Ames: Laiomento).
- García Negro, M. P. (2000): *Dereitos lingüísticos e control político* (Ames: Laiomento)
- García Negro, M. P. (2009): *De fala a lingua, un proceso inacabado* (Ames: Laiomento)
- Ignacio Escolar: «Los insultados», en *Público*, 27/06/2010 [dispoñíbel en liña na ligazón <http://www.escolar.net/MT/archives/2011/06/los-insultados.html>]
- Iglesias Álvarez, A. (2003): *Falar galego, no veo por qué. Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega* (Vigo: Galaxia).
- Lakoff, G. (2010): *Non penses nun elefante* (Ames: 2.0 Editora).
- Lakoff, G. (2011): *Puntos de reflexión. Manual del progresista* (Barcelona: Península).
- Punset, E. (2011): «Que diferencia a los nativos digitales», en *El Semanal XL* número 1236 (03/07/2011), [dispoñíbel en <http://www.eduardpunset.es/wp-content/uploads/2011/07/semanal20110703.pdf>].

¹⁵ <http://www.elcorreogallego.es/galicia/ecg/madre-denuncia-obligan-su-hijo-utilizar-colegio-un-libro-gallego/idEdicion-2011-03-24/idNoticia-652407/>.

- Salmon, C. (2010): *Storytelling. La máquina de fabricar historias y formatear las mentes* (Barcelona: Península).
- Sanmartín Rei, G. (2008): *Nos camiños do entusiasmo. Calidade da lingua e planificación* (Vigo: Xerais).
- Sanmartín Rei, G. (coord.) (2010): *Lingua e futuro* (Ames: Laiovento).
- Santiago Guervós, J. (2005): *Principios de comunicación persuasiva* (Madrid: Arco Libros).
- Villares Naveira, L. (coord.) (2010): *Estudos xurídicos sobre o Decreto para o plurilingüismo* (Ames: Laiovento).

A lingua da crise, a crise da lingua

MARÍA PILAR GARCÍA NEGRO

Universidade da Coruña

1. Cando unha situación de crise non resolvida se alonga por moito tempo, é común o apelo a unha renovación terminolóxica, no plantexamento do problema, por ver talvez se a linguaxe pode recuperar algo do papel taumatúrxico ou talismánico que outrora se lle outorgaba. A crise da lingua galega é demasiado longa e con demasiados expedientes non resolvidos á altura dos tempos: anacronismo; mantemento dun disimétrico e xerárquico cadro legal; inaplicación da cativa lexislación favorábel á súa expansión ou aclimatación en dominios públicos; progreso sostido da asimilación á lingua oficial do Estado; perda paulatina e constante de falantes de primeira xeración...: todo este conxunto de fenómenos conspira, na mesma sincronía, para ralentizar en exceso os progresos normalizadores da lingua galega, que, desde logo, non se deben ao interese oficial senón á acción da base social proclive a devolver á sociedade galega a posesión da súa lingua nativa e nacional. É neste contexto onde, máis que nunca, cómpre identificar coas denotacións precisas a raíz, ingredientes e consecuencias do conflito lingüístico.
2. No momento actual, máis dous factores de extraordinaria importancia veñen somarse á situación de crise sumariamente descrita. Son eles o imperio da globalización, dentro do cal linguas como o galego sobran claramente, e mais a actuación ancilar do dispositivo autonómico galego, servo de directrices estatais e supraestatais ao servizo do dúo español-inglés (ou viceversa, en función do espazo e función que a ocasión requirir). Unha anécdota que pode semellar minúscula revela ben o espírito hexemonista de que estamos a falar. Nunha ferverza do Barbanza, sobre o rótulo «Mirador» escrito no indicador de madeira, alguén galeguizou moi cursidosamente, e sen danar o mesmo, «Miradoiro». Unha terceira man engadiu: «This is Spain». O vello esquema legal procedente do franquismo (a tríade: dominio obrigatorio do castelán; aprendizaje obrigatorio dunha lingua estranxeira; cultivo optativo e limitado da lingua vernácula) aprofunda agora todo o seu sentido. O galego, na enérxica man anglófona, débese

submeter, *velis nolis*, ao título de propiedade do amo. Esnaquízase así, de xeito ben elocuente, toda pretensión eufemística ou idealista verbo da «igualdade» de todas as linguas, por moito que ninguén, explicitamente, ouse discutir tal principio consagrado pola UNESCO en 1954 e, antes, pola Declaración de dereitos humanos, proclamada pola ONU en 1948. Elementos certos na súa literalidade abstracta mais que naufragan estrepitosamente na *real politik* e nos seus axentes e distribuidores.

3. É factíbel, por tanto, establecer a analoxía entre dous pares de dualismos impostos. No nivel estritamente político ou partidario, a imposición con vontade tentacular do bipartidismo PP/PSOE. No lingüístico, o par español / inglés, onde ao primeiro corresponde non só ser o militar de alta graduación no interior do territorio, senón tamén o papel de xendarme, isto é, de garante da imposición do segundo. As evidencias históricas, sociais e, por suposto, científicas, desmenten a redución da realidade política e mais da realidade lingüística a este esquema dual, claro está, mais o mantemento deste non é simple atavismo ou rutina senón funcional ao macroimperio da globalización, un de cuxos ingredientes xenéticos é precisamente a laminación de todas as diferenzas «sobrantes» –por incontrolábeis– na homologación pretendida.
4. Na autodenominada nova cociña, é habitual o uso de determinados condimentos que han de ser «reducidos» a base de cocción para lograr o sabor ou o punto apetecido. A base do prato non a constitúe obviamente este elemento complementar senón o alimento correspondente. A lingua galega, no esquema hexemonista descrito, é submetida a constante redución: será saibo fraseolóxico-expresivo, subliñado enfático, desvío humorístico, substrato indisimulábel mais encaixado no «prato» principal, o español... Nunha outra posibilidade metafórica, témonos referido a como a lingua galega non é un medicamento submetíbel a posoloxía estrita: nas doses adecuadas é admisíbel; en doses superiores, pode ser «mortal» para o paciente.
5. Voltemos ao mínimo rigor definitorio e conceptual. Se hai acordo xeral en que o galego é unha lingua, tal aserto compromete moito máis do que se pensa habitualmente. Se o galego é unha lingua e non unha sub-lingua, un dialecto, unha linguaxe grupal ou secreta, han de lle ser apostos os atributos **esenciais** dunha lingua: ubicuidade; omnifuncionalidade; interclasismo; capacidade ínsita de renovación ou de modernización. Este conxunto de cualidades caracteriza e identifica todas as linguas normais que no mundo existen. Se o galego non as posúe, e a propia lexislación fala de normalización (isto é, do proceso tendente a conseguilas), daquela o único camiño transitábel pola lóxica e a coherencia semántica pasa por lle dar realidade material –isto é, social e pública– a todos os alimentadores dunha lingua en situación normal. Calquer outro plantexamento redutor recoñecerá nominalmente a súa condición de lingua, mais, na práctica, tratarao como un subdialecto social de anemia programada.

6. Os alimentadores a que nos acabamos de referir espúxoos hai moitos anos o profesor Sánchez Carrión, que acabamos de escoitar: motivación, percepción e exercicio. Por **motivación** entendemos as razóns, desexos ou intereses que moven a aprender unha lingua ou a ficar nela. Por **percepción**, a capacidade e o proceso de captar o seu funcionamento. Por **exercicio**, a operación efectiva de o usar en calquera das funcións lingüísticas que a comunidade posúe nun momento histórico concreto. Cando xogamos coa brincadeira de que para algúns galegos o galego é moito máis difícil que o alemán, talvez non caímos na conta de que, efectivamente, é así, se considerarmos que a motivación para o usar é nula ou limitadísima, vinculada, como está, a súa utilización a unha rede de factores extra-lingüísticos: o perfil sociopsicolóxico que se pretende ofrecer; o desexo de borrar coa fala calquer pegada (< aldea; militancia nacionalista) indesexada; o afán por se assimilar ao grupo dominante e homologado... e tantos máis. Se a isto engadirmos que a percepción do galego, canto idioma social e público, é aínda ben limitada, aquela, a motivación, non fará máis que diminuír ou ficar submetida a un firme impulso da vontade. O exercicio ou uso, en fin, depende das dúas variábeis anteriores, mais el mesmo, en por si, (re)activa a percepción e a motivación. Vese, pois, que a relación do trinomio é dialéctica: o uso aumenta a motivación e os desexos de mellora do instrumento, ao tempo que incorpora á corrente xeral un incremento da percepción, que terá función multiplicadora.
7. Utilizamos *supra* a metáfora, en sentido negativo, do medicamento. A lingua galega non é un medicamento. Desenvolvámola. É prescritiva, en todos os medicamentos, a inclusión, na información que os acompaña, da indicación de que non se deixen ao alcance nin á vista dos nenos. Igualmente, nos prospectos adxuntos, sempre figura a epígrafe «Posoloxía», que nos instrúe sobre a dosificación correcta con que debemos administrar ou aplicar o remedio e, mesmo, sobre os consellos que debemos seguir no caso dunha aplicación excesiva ou equivocada. Digamos entre parénteses que estamos a utilizar, nesta terminoloxía farmaindustrial, un idioma prospectivo, pois aínda non nos é dado ler, en galego, tal sorte de literatura. Mais outro é o motivo do noso aproveitamento *oportunista*. É a analoxía que establecemos verbo da lingua galega na súa situación actual. Hai quen pensa que pode sobrevivir tranquilamente en lle aplicándonos restricións como as que rexen para os medicamentos: lonxe da vista e do alcance dos pequenos e sempre nunha dosificación controlada e regulada.

Tal concepción contraría a natureza esencial dunha lingua, de calquer lingua, porque todas, todos os idiomas non son *drogas* medicamentos aplicábeis estritamente á cura dunha patoloxía, senón que son como o ar que se respira, indispensábel para todos os seres humanos, como signo elocuente da súa hominización. Normalizar a lingua galega significa querer que volva ser o que foi para chegar a ser lingua: apta para todas as funcións; válida para todos os usos; oral e escrita; privada e pública; íntima e social... Introducidos estes presupostos na xestión dos poderes públicos, significan non outra

cousa que *liberalizar* o seu uso, liberala das amarrallas reguladoras, practicar, en fin, o librecambismo, se se nos admite a metáfora económica. Porque, efectivamente, económicas son as necesidades que definen a normalización do galego actual: expandir, diversificar e modernizar. Este vocabulario, que todo o mundo entende e aplica á empresa, é asemade valedoiro para definirmos a planificación de usos sociais e públicos practicábel coa lingua galega: en imaxe radial, chegar a moitos máis lugares, ter unha sintonía moito máis ampla e estar ao día nas súas emisións. Como se ve, un exercicio de crecemento promovido, non de crecemento controlado. E, desde logo, na intelixencia de aspirarmos a un idioma adulto e utilizábel nos tempos modernos, non como *terapia* ocasional para un problema-doenza.

Non, non é o galego o problema. É parte inescusábel da solución, en termos sociolóxicos e, tamén, psicolóxicos e cívicos. Normalizar a lingua galega non significa perder nada nin ninguén. Significa, polo contrario, abrir un horizonte de normalidade na terra e na sociedade onde o galego, por pura lóxica, existiu, existe e debe seguir a existir. Mais é ben sabido que o pasado e o futuro non deben ser pretextos para a inacción do presente, isto é, centos de anos de lingua normal (aval precioso) e mil primaveras máis como desexo (Cunqueiro *dixit*) non deben actuar como elementos estáticos, como fórmulas de ritual conformista, porque sobre o que podemos axir e actuar é sobre o presente en que vivimos e ao que nos debemos. Mellorremos a sorte da lingua galega para que os bos desexos se vaian acorporando e facendo visíbeis para nós todos.

8. Neste obxectivo, é vital recordar a existencia do corpus legal favorábel ao galego, sequer sexa nominalmente. Se o Estatuto de Autonomía vixente (1981) reconece o galego como lingua propia e declara obriga dos poderes públicos protexer e fomentar o seu uso, esta letra da lei ha de ser reclamada no espírito pro-galego, non declamada como vouga oración compensatoria. A Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias foi ratificada polo Estado español e convertida en lei ao máximo nivel en 2001, asinada que foi polo Xefe do Estado. Ningunha das previsións contidas na mesma, nun abano de posibilidades que vai dun mínimo a un máximo de uso das linguas non estatais, funciona aínda para a lingua galega. Un texto paralegal como a Declaración universal de dereitos lingüísticos, aprobada, en 1996, tanto polo Congreso dos Deputados como polo Parlamento Galego, recolle medidas normalizadoras que distan moito de teren sido aplicadas. En fin, *chez nous*, en setembro de 2004, o Parlamento Galego aproba por unanimidade o Plan xeral de normalización da lingua galega, instrumento actualizador dunha Lei de normalización, inaplicada, ademais de precisada de evidente modernización e adaptación aos tempos. Esta recordación afilíase non á reverencia destes textos, senón á súa conveniente utilización, na mesma lóxica duns poderes legais-institucionais-xudiciais a quen cabe esixir, como mínimo, o cumprimento das leis e medidas de que se dotaron no seu día e a que se deben como representantes públicos. Moito máis nun momento como o actual, onde se está

procedendo a un sistemático desmantelamento da exigua arquitectura ergueita a favor do galego.

9. Lingua (Humboldt *dixit*) é uso da lingua. Labor fundamental será aplicalo a todos aqueles ámbitos non redundantes, isto é, a todos aqueles onde se deu e se dá como *natural* e incommovíbel o uso do español. O paradigma da normalidade, enunciado en 5., así o esixe. Como toda lingua funciona a base de asociacións, de «ligazóns», é imperativo procurar todas aquelas que asenten o galego nos novos soportes comunicativos, nos espazos de maior megafonía, na ruptura eficaz da rotina diglósica.
10. É urxente, así mesmo, a renovación radical da didáctica da lingua galega. O adxectivo «radical» apela aquí á súa etimoloxía. Cómpre irmos á raíz da confiscación da lingua galega e, antes de máis nada, alimentar e repoñer o seu uso, a través das mellores tácticas pedagóxicas: a explicación da súa diacronía; o esclarecemento do porqué e o para que dos preconceptos que aínda o aqueloutran; o aproveitamento da literatura como canteira de aprendizado lingüístico; o coñecemento da historia e da arte nacionais; o consumo de medios de comunicación en galego; a valorización de todos os exemplos, en calquer ámbito, que executan este obxectivo normalizador.
11. A lingua galega, en fin, non é unha «riqueza» nin unha peza máis do patrimonio cultural. É o noso ser, a maneira específica, colectiva, de estarmos no mundo. Tanto a súa práctica consciente e xeral como a súa ocultación ou desprezo delátannos como galegas-os. No primeiro caso, por unha vontade explícita de seguirmos a existir tal e como fomos e somos, non como unha provincia que se afana en imitar os designios do amo. No segundo caso, porque a negatividade histórico-política de que provimos causou grave alienación e desfiguración. Esta fenomenoloxía perturbadora non é eterna, non é inmutábel. Foi mudando de vagar ao compás dunha historia liberadora, que rompeu tanta falsa naturalidade. Ao igual que a loita feminista –que algúns porfían en dar por clausurada– puxo e pon de relevo tanta discriminación latente e patente, así a normalización do galego desvenda múltiples mecanismos de proscrición, de represión da lingua, activos e pasivos, que se resolven nun sintagma: EXCLUSIÓN SOCIAL. O mínimo mandamento democrático, en non se adscribindo á impostura, reclama **inclusión** e **naturalización** da lingua galega na terra que a creou, a arriqueceu e a consagrou en millenta obras de valor social.

Once *flashes* no ano once do actual século XXI. Titulamos este breve depoimento utilizándonos á mantenta o substantivo que bate records de frecuencia de uso nos nosos tempos.

A lingua da crise ten nome e apelidos: é o español, como idioma oficial do Estado, e é o inglés, como amo planetario. Estas condicións non teñen nada a ver coa súa posesión

como linguas de coñecemento útil en moitas partes do mundo, pola forza dos feitos impostos. Esta non é a discusión. A cuestión está en se elas deben arrasar coa diferenza, coa diversidade lingüística ínsita á Humanidade (diversidade, atención!, que non é un valor engadido, senón consubstancial a ela mesma; non é accidental, é ontolóxica), ou ben, como defendemos, que non obsten a vida e a saúde de linguas como a nosa. Solicitarmos permiso para a utilizar na nosa nación equivalería a pedir autorización para existirmos. En analoxía xa exposta noutros lugares e tempo, as mulleres non «arrequecemos» o mundo e lle damos un *touch* necesario de variedade, senón que formamos parte del. O dominio xeneralizado do inglés nos países nórdicos do continente europeo non empece que as linguas nacionais correspondentes (finés, sueco, noruegués, dinamarqués, islandés...) exerzan o seu papel. Nunha España política desexábel, moi diferente da actual, a imposición fáctica e por millenta vías do español non debera impedir a existencia como linguas de pleno dereito do galego, do euskera e do catalán, que non son «inventos» nin caprichos «identitarios» senón realidades de dereitos humanos que todo o mundo con carnet de democráta aclama e declama mais rexeita cando son reclamados no seu exercicio real.

A crise da lingua é a da nosa, naturalmente, tal e como ficou exposto esquematicamente. En xustiza elemental, a saída da crise nunca deberá ser a base de eliminar os que a padecen, senón a base de elevar a súa condición. Nesas estamos.

O português simples (OPs!): *socializando a estratégia luso-brasileira para o galego*

VALENTIM RODRIGUES FAGIM



1. Que é?

Ops! é o que exclamamos quando nos apercebemos de algo que já sabíamos. **Ops!** é um ateliê para mostrar a alunos e alunas do nosso sistema educativo que o galego é:

- 1) Uma entrada privilegiada para aceder ao mundo em português
- 2) A nossa vantagem competitiva no quadro espanhol e europeu.

2. Quem o organiza?

O ateliê foi idealizado, desenvolvido e é ministrado pela AGAL (*Associação Galega da Língua*), uma entidade que promove a difusão na Galiza do mundo que se expressa em português no convencimento de que eleva o bem-estar da cidadania galega e é um reforço para a língua da Galiza.

3. Para quem está dirigido?

No período 2010/11, foi programado para alunos e alunas a partir dos 12 anos (ciclo superior de educação primária, ESO, bacharelado, FP, ensino de adultos...). No presente ano 2011/12, disponibilizaremos uma versão programada para os ciclos inicial e médio da educação primária elaborado por Carlos Valcárcel, professor de Ciências da Educação na Faculdade de Ponte Vedra.

4. Por quê?

O móbil principal que levou à criação dos **Ops!** estivo baseado no facto de a maioria dos/das nossos/as estudantes, quando finalizam o sistema educativo obrigatório, desconhecem que a língua do Brasil e de Portugal pode formar parte do seu CV. Trata-se de uma carência enorme que o nosso sistema educativo leva negligenciando trinta anos e que poderia ser resolvida quer com a generalização da matéria de língua portuguesa como Língua estrangeira quer com a introdução de unidades didáticas de língua e cultura lusófona na matéria de língua galega.

Outras motivações que guiaram o ateliê foram e são:

- Para pôr em valor a língua da Galiza, fazendo ver a sua potencialidade e contrabalançando os preconceitos que a subvalorizam.
- Por que o português é a sexta língua mais falada no mundo, oficial em 4 continentes e 8 países, sendo um deles o Brasil, potência emergente.
- Por que o plurilinguismo vai ter cada vez mais valor, promovido pela globalização e as instituições políticas (a começar pela União Europeia).
- Por que em épocas de crise, é quando é mais preciso afinar onde vamos investir os nossos recursos e depositar a nossa atenção.

5. Como é?

O ateliê tem uma duração de 100 minutos, duas aulas seguidas e o número de alunos e alunas ideal estaria entre 20 e 40. Quantos mais alunos/as o ateliê perde interatividade e ganha uma natureza de palestra. Com grupos menores, a interação com os alunos e as alunas é alta, facilitando o seu envolvimento para que integrem os diferentes aspetos da exposição.

O relator expressa-se em português de Portugal ou do Brasil e incide-se em que tal ação seria inviável em Madrid ou Barcelona.

O suporte base serão várias apresentações em Office Impress e a Internet e terá grande peso a interação com os alunos e alunas. Todos os textos estão em português.

Quanto a recursos, precisa-se de uma sala com projetor e ecrã para poder mostrar a apresentação e os sites.

Os conteúdos estão divididos em 4 partes:

– Unidade 1: **Ler está ao alcance dos nossos olhos (ortografia)**

Objetivos gerais:

- Mostrar que as palavras e as letras podem ser lidas de diferentes formas.
- Mostrar como se leem à galega as letras do alfabeto português não presentes na ortografia galega.

– Unidade 2: **Temos muito a ganhar**

Objetivos gerais:

- Mostrar a vantagem competitiva da Galiza em relação à Lusofonia.
- Mostrar o que a Lusofonia representa em termos geográficos, culturais e económicos.
- Tomar consciência do que sabemos e desconhecemos a respeito dos países que falam português.
- Mostrar o que a população galega tem a ganhar sabendo português.

– Unidade 3: **Sabemos muito mas não nos devemos confiar (léxico e gramática)**

Objetivos gerais:

- Mostrar a nossa vantagem competitiva em termos de compreensão escrita (gramática e léxico).
- Mostrar que a maioria do léxico é comum.
- Advertir das dificuldades léxicas: sinónimos, falsos amigos, palavras modernas, anglicismos.

– Unidade 4: **Podes aprender tu mesmo (a)**

Objetivos gerais:

- Fornecer recursos para que os alunos e alunas sejam autónomos/as na aprendizagem.
- Fornecer recursos culturais (música, cinema, jornais, ebooks, jogos) para que se mergulhem no mundo em português.

Entre a unidade 2 e 3 jogaremos a preencher buracos na letra de uma canção brasileira.

6. Quanto?

O preço pelo ateliê é de 148,31 • + Iva.

7. Como contatar?

O contato é feito por meio do coordenador desta área, Valentim R. Fagim. Contato: 606 627 363 ou presidencia@agal-gz.orgpresidencia@agal-gz.org .

O nosso site é: <http://agal-gz.org/blogues/index.php/ops/>

IES Cernadas de Castro (Lousame)

IES Arçua (Arçua)

IES Arçua (Arçua)

IES Elviña (Corunha)

IES Elviña (Corunha)

IES Elviña (Corunha)

IES Fernando Wirtz (Corunha)

IES Andersen (Vigo)

IES Allariz (Alhariz)

IES Couto (Ourense)

IES Oteiro Pedraio (Corunha)

IES Oteiro Pedraio (Corunha)

IES Melide (Melide)

IES Melide (Melide)

IES Martaguisela (Barco)

IES Martaguisela (Barco)

IES Mendinho (Redondela)

IES Politécnico (Vigo)

IES Politécnico (Vigo)

NS Esperanza (Vigo)

IES Castelao (Vigo)

IES Teis (Vigo)

IES Coruxo (Vigo)

IES Fonsagrada (Fonsagrada)

IES Universidade Laboral (Culheredo)

IES Rianjo (Rianjo)

IES Universidade Laboral (Culheredo)

IES Illa de San Simón (Redondela)

IES O Couto (Ourense)

IES Catabois (Ferrol)

CPR Mercedarias (Ferrol)

IES Canido (Ferrol)

IES Leliadoura (Ribeira)

IES Leliadoura (Ribeira)

IES O Couto (Ourense)

IES Cea (Cea)

EPAPU Eduardo Pondal (Corunha)

IES Concepción Arenal (Ferrol)

IES A Paralaia (Moanha)

IES A Paralaia (Moanha)

IES A Paralaia (Moanha)

IES A Paralaia (Moanha)

IES A Paralaia (Moanha)

IES A Paralaia (Moanha)

IES Saturnino Montojo (Ferrol)

IES Sofía Casanova (Ferrol)

IES As Barxas (Moanha)

IES As Barxas (Moanha)

IES Canido (Ferrol)

IES 12 de Outubro (Ourense)

Taller d'espai lingüístic personal

GEMMA SANGINÉS

Totes les llengües minoritzades (que estan i/o han estat sotmeses a un procés d'anormalització) comparteixen un ampli conjunt de característiques funcionals, que afecten tots els aspectes de la llengua, i que fan especial èmfasi en l'ús habitual de la mateixa en tots els àmbits de la vida social.

El gallec i el català són particularment semblants en la mesura en què comparteixen una característica important: són força semblants a l'espanyol, la llengua que ocupa la posició dominant en els seus respectius territoris (tot i que en el cas català també hi ha el francès i l'italià). Deixant de banda si aquestes semblances són degudes –en major o menor mesura– a la imposició de llarga durada de l'espanyol, és evident que es tracta de llengües romàniques i que –amb un mínim d'interés i voluntat– la intercomprensibilitat entre els seus respectius parlants és força elevada.

Això fa que les anàlisis que hem fet de l'ús interpersonal del català siguin fàcilment exportables al cas gallec. En les pàgines següents, que corresponen al primer capítol de 'Sortir de l'armari lingüístic' (Suay i Sanginés, 2010) es presenten, resumides, alguns elements de caràcter psicològic orientats a facilitar tant l'anàlisi de la conducta habitual dels parlants d'una llengua minorada, com el desenvolupament d'estratègies destinades a modificar els hàbits lingüístics que resulten tan clarament perjudicials per a la salut i el benestar dels parlants d'aquestes llengües.

Cinc cèntims de psicologia

Les situacions comunicatives són una de les fonts d'estrès més importants per als éssers humans. Això no és gens estrany si considerem que, com animals socials que som, la major part de les satisfaccions i també la major part de les frustracions, ens arriben de mans

d'altres persones. És mitjançant la comunicació que accedim als elements més essencials per a la nostra supervivència (aliments, refugi...), i també a uns altres que ens importen tant o més, com ara la protecció que ens proporciona la pertinença a un grup social, o l'estima d'uns altres éssers humans.

Evidentment, el fet que relacionar-se amb altres persones siga una font d'estrès no implica que convinga evitar-ho. Estrictament, els possibles efectes perjudicials de l'estrès no depenen de l'estímul que el provoca, sinó més aviat de la manera com l'afrontem. És per això que la comunicació amb altres pot resultar molt i molt satisfactòria (en alguns moments, per a algunes persones), però també pot produir molta infelicitat (en uns altres moments, a unes altres persones).

El primer cèntim: Què ens estressa?

Hi ha una gran quantitat d'estímul i situacions que tenen el potencial de provocar-nos una resposta d'estrès. Unes vegades, es tracta d'esdeveniments concrets, amb una clara base física, com ara els sorolls intensos, els canvis de temperatura, o un esforç físic intens. En altres ocasions, en canvi, són de naturalesa més psicològica, com quan hem d'assistir a una cita o a una entrevista de treball, o quan ens trobem davant de la necessitat de parlar en públic. Tota la gran diversitat de coses que ens estressen tenen, tanmateix, tres característiques comunes.

1. Incertesa: es tracta sempre de situacions en què percebem que el desenllaç és impredecible. No sabem si ens en sortirem o no; dubtem si serem o no capaços de fer-ho bé, etc.
2. Control relatiu: percebem que només podem exercir un control parcial sobre el curs que seguirà la situació.
3. Amenaça: percebem que la situació ens pot generar perill. Hi poden estar en risc la supervivència o la integritat física, o potser només el nostre benestar o la nostra autoestima.

Així doncs, les coses que ens estressen tenen en comú que les percebem com a incertes, parcialment controlables, i amenaçadores.

El segon cèntim: Per què és estressant parlar en català?

Les situacions comunicatives són especialment estressants per als parlants d'una llengua minorada. Potser l'afirmació sorprendrà. Tanmateix, és molt fàcil d'entendre. Posem com a exemple el cas d'adreçar-se a una persona desconeguda.

Si sóc parlant d'una llengua normalitzada, posem per cas el castellà, abans d'iniciar la interacció, jo sé que:

- a) Molt probablement, l'altre m'entendrà.
- b) Si no m'entén, serà l'interlocutor qui (b.1.) es disculparà, i (b.2.) farà un esforç per fer-se entendre.
- c) Si, en última instància, no ens hem pogut entendre, ningú, ni tan sols el mateix interlocutor, no em retraurà la meua conducta, ni la qualificarà d'improcedent o inadequada.

Per contra, com a parlant d'una llengua minorada com el català, quan vull adreçar-me a una persona desconeguda, sé que:

- a) Hi ha una certa probabilitat que l'altre declare que ignora el català.
- b) En aquest cas, probablement (b.1) no es disculparà, i (b.2) esperarà un esforç per la meua part (bàsicament, canviar de llengua), per tal de resoldre la dificultat comunicativa.
- c) Si finalment no ens hem arribat a entendre, molt probablement algú, incloent-hi l'interlocutor, em criticarà per no haver canviat de llengua per tal de facilitar la comunicació.

La situació que hem descrit, viscuda en la posició del parlant d'una llengua minorada, conté els tres elements imprescindibles per a ser estressant:

- 1) La percepció d'incertesa és elevada, perquè és perfectament creïble que l'interlocutor ignore el català. Això fa que la decisió d'adreçar-s'hi en català esdevinga una mena d'aposta arriscada, que inclou una alta probabilitat d'ésser contrariats.
- 2) Precisament perquè l'altre, en declarar-se incapaç d'entendre el català, només pot parlar en la llengua en què ho està fent –si més no, suposadament– trasllada tot el pes de la interacció a la nostra iniciativa. És per això que el control que hi exercim és només relatiu.
- 3) La percepció d'amenaça deriva del fet que, en cas de conflicte, la posició més dèbil és la nostra.

Precisament allò que confereix força i estabilitat al parlant d'una llengua normalitzada és la seua ignorància (real o fingida) de la llengua minorada. Paradoxalment –perquè en principi tota ignorància és més aviat una feblesa– és aquesta ignorància allò que li redueix la percepció d'incertesa i li augmenta el control sobre la situació. Perquè qui està parlant en català pot canviar de llengua, mentre que l'altre –suposadament– no pot fer-ho. D'altra banda, la posició dominant de la llengua normalitzada, contribueix sensiblement a reduir la percepció d'amenaça per part dels seus parlants. Cal dir que, en última instància, fins i tot

si la interacció esdevé obertament conflictiva, la llei estarà sempre del costat del parlant de la llengua normalitzada, que sempre podrà fer efectiu el seu dret a ser atès en castellà.

El tercer cèntim: Què fem amb l'estrès

La gent té distintes maneres d'afrontar l'estrès. Segurament n'hi ha una enormitat, si parem atenció als detalls i als matisos més específics. Els científics que estudien aquest tema, però, n'identifiquen només unes poques, en funció de les conseqüències que tenen tant sobre la situació mateixa (probabilitats de resoldre-la) com sobre l'individu que l'afronta (satisfacció, benestar, salut).

En primer lloc, podem identificar dos tipus d'estratègies d'afrontament de les situacions estressants:

- a) estratègies **centrades en el problema**, adreçades a afrontar la situació i a resoldre-la.
- b) estratègies **centrades en l'emoció**, destinades a controlar les respostes emocionals i el malestar associats a la situació.

Orientar-se als problemes vol dir, essencialment, prestar atenció a la dificultat que se'ns presenta, per tal de trobar les solucions més adients. Una mica com si fos un problema de matemàtiques que hem de resoldre sobre un paper. Generalment són les estratègies preferides quan hom creu que té un grau elevat de control sobre la situació, i també quan resulta fàcil distanciar-s'hi emocionalment.

Per contra, quan ens orientem a les emocions, l'objectiu principal és redefinir cognitivament la situació, és a dir, interpretar la realitat de manera que ens pugui evocar una emoció més satisfactòria. Sovint ens inclinem per aquest tipus d'estratègia quan afrontem situació de la qual resulta difícil distanciar-se.

Vegem-ho amb un exemple que pot il·lustrar ambdós tipus d'estratègies.

En Joan ha quedat citat amb la Maria. Arriba l'hora de la cita, i ella no s'hi presenta. Al cap d'un quart, en Joan comença a entendre que potser no hi arribarà, ni tard ni d'hora.

Una estratègia centrada en el problema implicaria calcular què és millor per tal de: (1er) aprofitar el temps que ha quedat sense contingut a causa del retard o de l'absència de la Maria, i (2on) esclarir-ne els motius, per tal de saber com li convindrà més procedir d'ara endavant.

Una estratègia centrada en les emocions implicaria, en canvi, centrar-se a seleccionar quina és la millor explicació que en Joan pot donar-se a si mateix, per tal de no sentir-se molt malament, en relació a la desatenció de què ha estat objecte. Així, potser preferirà pensar que li n'ha passat alguna de grossa, o que hi ha hagut un malentès pel que fa a l'hora o el lloc de la cita.

En segon lloc, els **estils d'afrontament** són respostes cognitives i conductuals que desenvolupem per tal de manejar l'estrès. Impliquen un procés que es produeix quan ja hem fet una valoració subjectiva de la situació, és a dir, quan ja ens l'hem explicada a nosaltres mateixos. Generalment, els relacionem amb això que anomenem personalitat, i fan referència a les distintes tendències a comportar-se d'unes o altres formes, davant les situacions estressants. Se'n poden identificar tres tipus.

El primer el podem anomenar estil d'afrontament **passiu**, i consisteix a fer front a les situacions amb estratègies basades en la negació dels fets i la repressió dels sentiments. Emocionalment, està associat a la depressió, un terme que no cal entendre sempre com una categoria clínica. Tal com l'usem ací, fa referència, més aviat, a un estil de conducta inhibid i poc orientat a canviar les coses que provoquen malestar. La negació i la repressió es refereixen a no acceptar allò que està passant, i també a no expressar les emocions que ens provoca.

El segon és el que anomenem estil d'afrontament **reactiu**, i inclou una preferència per respondre i lluitar, així com una certa predisposició a la ira com a emoció dominant.

El tercer és estil d'afrontament **proactiu**, i es basa en l'anticipació, la preparació i la iniciativa. Podem dir que les persones que adopten aquest estil no es limiten a esperar que les coses passen, sinó que hi prenen un paper actiu per tal d'incidir en la manera en què passen.

Si combinem les dues orientacions i els tres estils d'afrontament que hem exposat, podem obtenir un quadre com aquest.

	Estil passiu	Estil reactiu	Estil proactiu
Orientació al problema	Negar/Ocultar	Respondre / Lluitar	Preparar / Planificar
Orientació a l'emoció	Deprimir-se Reprimir l'expressió de sentiments	Expressar ira Descarregar-se	Sentir-se eficaç Obtenir i expressar satisfacció

Vegem l'exemple del Joan i la Maria, esquemàticament resumit en funció del quadre anterior.

	Estil passiu	Estil reactiu	Estil proactiu
Orientació al problema	No m'ha plantat. He de fer veure que no estic esperant ningú.	Esbrinar el motiu del retard. Retreure-li el que ha fet. Discutir	Aprofitar el temps de l'espera (llegint, per exemple). Dissenyar una estratègia per abordar el tema amb ella.
Orientació a l'emoció	Sentiments de culpabilitat (no sóc prou interessant per a ella). No mostrar-li enuig.	Emprenyar-se. Escridassar-la.	Sentir-se bé per haver acudit a la cita. Obtenir algun benefici del desplaçament fet i del temps invertit.

El quart cèntim: Algunes precisions imprescindibles

Cal dir que cap de les dues orientacions –al problema i a l'emoció– no és millor o pitjor que l'altra. Es tracta, més aviat, d'una qüestió d'exigències de la situació (n'hi ha que demanden intensament una orientació determinada) i de preferències personals (tendències o trets de personalitat, si ho volem dir així), i no són necessàriament permanents en una persona. Una mateixa persona pot orientar-se unes vegades als problemes i unes altres a les emocions, i fins i tot combinar ambdós tipus d'orientacions, tot i que, generalment n'hi predomina una.

Algunes situacions es poden resoldre millor amb una orientació, i unes altres poden beneficiar-se més de l'altra. Concretament, en situacions en què ens sembla que podem exercir bastant control sobre el curs dels esdeveniments, orientar-nos al problema pot resultar allò més convenient. Per contra, quan pensem que no hi podem exercir cap control (o molt poc), potser és més assenyat que ens concentrem en les nostres pròpies emocions, que sí que depenen –si no totalment, sí en major proporció– de nosaltres mateixos.

De la mateixa manera, tampoc no seria correcte afirmar que la gent es pot classificar com a passiva, reactiva o proactiva. Ja ens agradaria que fos tan senzill! En realitat, es tracta més bé de maneres de comportar-se que qualsevol persona pot adoptar en unes situacions i no en unes altres. Més encara, és molt possible que algú que adopta un estil més aviat passiu i orientat a emocions per tal d'afrontar algunes situacions (els conflictes familiars, per exemple), en faça servir un altre de més actiu i orientat als problemes en l'àmbit del seu treball.

Especialment, pel que fa a qüestions de llengua, hem vist molt sovint com persones que són clarament proactives en àmbits socials, laborals o acadèmics, assumeixen –sorprementment– un paper ben passiu en tot allò que fa referència a l'ús de la seua llengua.

El cinquè cèntim: un resum

El nostre punt de partida ha estat que els parlants d'una llengua minorada experimenten un estrès afegit en les situacions comunicatives, per comparació amb els parlants d'una llengua normalitzada.

Aquesta dosi extra d'estrès deriva de la major percepció d'incertesa respecte al curs que seguirà la interacció comunicativa (impredictibilitat), del fet que la responsabilitat (el control) recau fonamentalment sobre ells, i de la sensació que –en última instància– hi tenim les de perdre (amença).

Davant d'això, la gent reacciona de diverses maneres, que poden ser més o menys satisfactòries o perjudicials, tant per a ells com per a la salut de la llengua. Aquestes distintes maneres d'actuar són –sens dubte– producte de la història personal de cadascú, i tothom té dret a seguir fent-ho com ho ha fet fins ara, o a canviar, si és que s'hi troba insatisfet, o arriba a la conclusió que potser hi ha millors maneres de viure aquesta realitat. Per tant, com a parlants d'una llengua minorada, si volem seguir essent-ho, haurem d'aprendre a desempallegar-nos d'aquesta dosi extra d'estrès. Això es pot fer de dues maneres que poden ser –i de fet, són– complementàries.

La primera se centra en el nivell de l'estímul, i consisteix a modificar les condicions externes, és a dir, deixar d'estar minorats, per a passar a ésser parlants d'una llengua normal(itzada). La segona es focalitza en el nivell de la resposta, i consisteix a modificar la manera com afrontem les interaccions amb els parlants de l'altra llengua, la que no està anormalitzada, per tal d'assolir un nivell més alt de satisfacció amb nosaltres mateixos, d'acord amb aquell aforisme –força popular entre psicòlegs– que diu: «la solució és el problema». Aquesta segona manera, doncs, se centra a canviar les respostes que actualment donem a aquestes situacions, amb la convicció que aquestes respostes són, si més no, part del problema, i que poden passar a ésser part de la solució.

En la mesura en què la primera de les maneres de resoldre-ho (deixar d'estar minorats) avança, la segona (canviar el que fem nosaltres) anirà resultant més i més fàcil. Fins al punt que si la primera té un èxit complet, la segona arribarà a ser completament (i feliçment) innecessària.

A procura da participación na planificación da política lingüística realizada desde as institucións

XAIME SUBIELA

1. Efectos da participación nas políticas lingüísticas

A participación activa nas políticas lingüísticas ten unha serie de efectos, entre os que podemos salientar:

- a) Lexitimación do proceso normalizador, algo especialmente necesario no escenario actual e no que podemos recoñecer dúas vertentes. Por unha banda, a normalización lingüística non debe centrarse única e exclusivamente na incorporación de novos galegofalantes, senón que debe procurar ademais gañar aliados e fixar actitudes favorábeis á lingua galega, referendando e apoiando as propostas propias. Por outro lado, os procesos de participación permiten conter ou cando menos neutralizar as accións daqueles elementos contrarios ou remisos á normalización lingüística.
- b) Comprensión da normalización lingüística como un proceso social complexo: a normalización é un proceso social e, como tal, vai alén da simple vontade política, aínda sendo esta unha condición necesaria. A administración e o poder político non son os únicos axentes que actúan e inciden na sociedade, senón que existen outros moitos tanto ou máis influentes. Isto, aplicado ao caso concreto da normalización lingüística, significa que as entidades sociais deben actuar sobre si mesmas e internalizar os aspectos positivos que comporta a normalización, aspectos que deben trasladar despois aos seus respectivos ámbitos de actuación. Por outra banda, tanto a sociedade como as propias persoas que a constitúen teñen unha natureza complexa e o seu comportamento non sempre resulta coherente. Obviamente, este feito ten o seu reflexo nos comportamentos lingüísticos, que poden encontrarse fondamente determinados polo contexto.

- c) Incorporación de actores chave, mediante a colaboración en proxectos e a creación de redes de aliados. Ao mesmo tempo, a participación serve para seleccionar aqueles axentes máis proclives á implicación neste tipo de procesos.
- d) Elaboración de plans cunhas guías de acción realistas e unha estratexia de desenvolvemento axeitada.
- e) Dinamización, capacidade de acceder a ámbitos diversos. Neste punto hai que salientar a importancia do que podemos denominar *persoas porteiras*, ou sexa, daquelas persoas que facilitan o acceso a esas áreas e que fan máis efectivas as accións realizadas nelas.
- f) Contacto coa sociedade: os procesos de participación posibilitan o contacto dos servizos de normalización coa realidade exterior, obrigándoos a interactuar con entidades e ámbitos diferentes e a comprender mellor as lóxicas de funcionamento que operan a nivel social. Dito doutro xeito, os procesos de participación permítenlles aos servizos de normalización lingüística pulsar realidades diversas.

2. Nós críticos

No fomento e na implementación desa participación detectamos con frecuencia algúns nós críticos e algúns puntos contraditorios sobre os que cómpre reflexionar:

- a) Confrontación política pola lingua vs. política lingüística: debemos ter en conta que, en moitos casos, a confrontación política relacionada coa lingua non ten que ver directamente coa política lingüística, senón máis ben con outro tipo de cuestións como o capital simbólico, as reflexións sobre a liberdade individual ou, no caso das organizacións políticas, coa necesidade de establecer unhas liñas estratéxicas e de actuación que se perciban como diferentes e/ou específicas.
- b) Adopción de consensos vs. mantemento da tensión normalizadora: moitas veces eses consensos constrúense sobre baleiros ou sumando posturas contraditorias, o cal resulta contraproducente. Evidentemente, os consensos son necesarios mais deben estar ben fundados e en ningún caso deben afectarlle negativamente á necesaria tensión normalizadora, isto é, non poden ser paralizantes.
- c) Coherencia lingüística da organización vs. avances indirectos: a falta dunha mínima coherencia entre as medidas adoptadas e práctica lingüística supón enviarlle á sociedade unha mensaxe contraditoria. Pola contra, os avances indirectos que se producen no seo das entidades, aínda que máis custosos, teñen grande relevancia na medida en que permiten visualizar a normalización lingüística como algo coherente e sostido.

- d) Implicación de xente contraria á normalización lingüística vs. avances no proceso normalizador: neste punto sería necesario procurar un equilibrio no cal eses elementos contrarios ou remisos ao proceso normalizador non constitúan un obstáculo para o seu avance e, ao mesmo tempo, non se desliguen completamente das dinámicas de revitalización lingüística.
- e) Impulso inicial vs. ralentización na continuación do proceso: cómpre idearmos fórmulas que permitan manter un bo ritmo na continuación destes procesos, fórmulas que non teñen que coincidir necesariamente coas aplicadas nas fases iniciais.
- f) Capacidade técnica para a participación e incorporación de destrezas de dinamización social vs. espontaneísmo.
- g) Escasa innovación das medidas, que se reflicte por exemplo na escasa presenza que teñen na rede os procesos de dinamización lingüística.

3. Decálogo da participación nas políticas lingüísticas

Os dez puntos que deberían rexer os procesos participativos son os seguintes:

- a) Decisión política: é necesaria a existencia de responsábeis políticos que asuman a normalización lingüística como algo que hai que facer e que mesmo pode resultarlles importante na súa actividade política.
- b) Coherencia.
- c) Liderado do servizo: o groso das actividades e procesos desenvolvidos foron iniciativas dos servizos de normalización, que amosaron ademais un carácter innovador moito máis difícil de detectar noutros ámbitos de actuación (administración, órganos de goberno...).
- d) Implicación transversal, mediante a que se consegue unha maior eficacia conxunta.
- e) Dupla dirección e receptividade: os procesos de participación non son tan só algo que se lle traslada á sociedade desde os servizos, senón que tamén seguen a dirección contraria, o cal permite incorporar e casar lóxicas e discursos diversos.
- f) Proxectos concretos: moitos procesos de participación non funcionan por se basearen en abstraccións e por se desenvolveren en espazos moi formalizados nos cales apenas se adoptan decisións de interese. A implicación desexada conséguese por medio de proxectos concretos, tanxíbeis e verificábeis a medio prazo.

- g) Apoio técnico: o proceso debe funcionar de tal xeito que as persoas implicadas advirtan claramente a utilidade do que están a facer e o valor das súas contribucións dentro dun proxecto compartido. Para lograr isto tórnase imprescindible o apoio dos/das técnicos/as de normalización lingüística ou, en xeral, da xente que vive en contacto máis directo con este tipo de dinámicas.
- h) Protagonismo das entidades.
- i) Asociación a outros procesos de cambio.
- j) Proceso de comunicación social.

4. A participación nas accións de rexeneración da lingua galega

4.1. VALOR (PARA QUE?)

O proceso de participación non é algo previo á acción, senón que constitúe por si mesma unha estratexia de normalización lingüística, ademais de ser un proceso de diálogo aberto coa comunidade universitaria do centro que debería implicar:

- a) Unha maior lexitimación democrática.
- b) Unha mellora na calidade das decisións e da xestión das políticas lingüísticas, na medida en que os procesos de participación permiten adoptar decisións en consonancia coa xente que ten un contacto máis directo coa normalización lingüística.
- c) Unha ampliación de recursos públicos e sociais que redunde na mellora das capacidades do conxunto da sociedade.
- d) Unha activación da responsabilidade cívica e da dimensión educativa da cidadanía: a participación debe axudar a que os cidadáns se apropien do discurso normalizador e o fagan seu.

4.2. PARTICIPANTES (QUEN?)

Os grupos que participen nestas accións deben contar cunha composición plural, en varios sentidos:

- a) Pluralidade interna en cada sector: representación de distintos cursos e áreas de coñecemento.
- b) Presenza de diferentes posturas ideolóxicas.

c) Incorporación das distintas organizacións que operen no centro.

Así mesmo, a participación debe ter un carácter voluntario, ao tempo que incentiva a presenza de actores chave (prescritores, axentes favorecedores...) e mantén vinculados/as a representantes que permitan a implicación dos órganos.

4.3. PERSOAS RECEPTORAS (PARA QUEN?)

Neste punto é central o concepto de *reflexividade*, ou sexa, que as persoas e as sociedades teñan *consciencia sobre si mesmas* (capacidade para se (re)pensaren) e *acción sobre si mesmas* (capacidade para se (re)construíren). Esa reflexividade aféctalles de xeito moi directo aos usos lingüísticos dos falantes, de xeito que a capacidade que teñamos para promover a consciencia dos suxeitos vai adquirir unha grande relevancia.

Debe existir un diálogo co conxunto da comunidade universitaria, abranguendo os diferentes sectores, órganos do centro, servizos do centro (cafetería, reprografía...), asociacións de estudantes e todas aquelas entidades externas con algún tipo de presenza no centro (colexios profesionais, asociacións, grupos de prácticas...).

4.5. MÉTODOS E TÉCNICAS (COMO?)

Á hora de pormos en marcha procesos participativos destas características, cómpre termos en conta os seguintes aspectos:

- a) Comprender o proceso de participación como un proceso de dinamización e comunicación social.
- b) Concibir o proceso de participación como unha estratexia en que a implicación dos actores é tan importante como o produto resultante, ou sexa, a maneira concreta de ordenar as accións atinxe tanta relevancia como a propia dinámica de implicación dos actores sociais, que en si mesma constitúe xa un proceso de normalización.
- c) Aplicarlles aos procesos de participación as dinámicas da deliberación e da construción en común.
- d) Devolverlles ás persoas participantes os resultados da súa contribución, pois é importante que non se sintan «utilizadas».

É importante subliñar a necesidade dunhas metodoloxías de participación rigorosas. Fronte ao espontaneísmo e o voluntarismo asociado ás dinámicas participativas, as metodoloxías participativas requiren uns criterios claros que fagan posíbel a xeración de confianza no propio proceso. Así mesmo, os espazos de participación son espazos de produción colectiva (de coñecemento, de diagnósticos, de propostas, de aprendizaxes...) baseados na deliberación.

Canto ás técnicas, existen varias que poden ser aplicadas ás accións de revitalización lingüística:

a) Diagnóstico (DAFO), que pode responder a un modelo como o seguinte:

DAFO	Interno	Externo	CAME	Corrixir as Debilidades (ou reducilas) Afrontar as Ameazas Manter as Fortalezas (ou mellorlas) Explotar as Oportunidades
Positivo	D ebilidades	A meazas		
Negativo	F ortalezas	O pportunidades		

b) Sistema de indicadores organizativos (índices de normalización lingüística como os que poden consultarse en <http://www.observatoriodalinguagalega.org/?q=gl/node/28> <http://www.observatoriodalinguagalega.org/?q=gl/node/28> .

c) Técnicas de planificación: definición de obxectivos, árbore de problemas...

Así mesmo, as reunións en que se materializan eses procesos participativos deben responder a certas exixencias:

- a) Deben ser convocadas cuns obxectivos claros.
- b) Deben ser produtivas (ter resultados visíbeis) e participativas (baseadas na construción en común).
- c) Deben ser acolledoras, favorecendo a incorporación e o desenvolvemento.
- d) Deben permitirlles aos propios participantes tirar proveito da súa actividade (por exemplo, un obradoiro de planificación).

4.6. PROXECTOS (O QUE?)

Entre os proxectos dotados dunha especial potencialidade na revitalización da lingua galega podemos sinalar os seguintes:

- a) Elaboración dun plan de centro mediante unha dinámica en que a comunidade do centro participe do diagnóstico, dos obxectivos compartidos e do compromiso nas accións que se van realizar.

- b) Aproveitamento dos momentos de cambio para incorporar e promover a lingua galega: por exemplo, novos plans de estudos, creación dunha nova *web*, mudanzas tecnolóxicas...
- c) Desenvolvemento das competencias profesionais do alumnado (seminarios de elaboración de informes en galego, recursos profesionais...), o cal permite a implicación do profesorado do centro, dos profesionais externos e dos lingüistas.
- d) Actividade cultural implicativa, que pode favorecer a conexión do centro coa contorna social.
- e) Estabelecemento de conexións coa actividade profesional exterior ou cos sectores máis vinculados ao centro, coas potencialidades que isto implica de cara ao compromiso co exercicio profesional posterior.

A dinamización lingüística a través das comisións da normalización: a experiencia da USC

ISABEL VAQUERO QUINTELA

1. As comisións de normalización

As comisións de normalización lingüística son comisións delegadas das xuntas de facultade ou de escola. Tal e como se indica explicitamente no *Plan de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela*:

As comisións de normalización lingüística dos centros, que han ser as encargadas de velar pola aplicación, en cada centro, do *Plan de Normalización Lingüística*, de presentar propostas á xunta do centro e aos consellos de departamento, de canalizar suxestións á Comisión de Normalización Lingüística do Claustro. Han ser, alén diso, o ámbito directo de participación dos tres colectivos da Universidade no desenvolvemento do *Plan*. Deberían crearse en todos os centros durante o curso 2001-2002.

A composición das comisións de normalización está determinada polo que dispuxer o regulamento dos seus respectivos centros en relación ás comisións delegadas. De todos os xeitos, nas comisións hai representantes do estudantado, do persoal docente e investigador (PDI) e do persoal de administración e servizos (PAS), así como do propio equipo directivo do centro. Ademais, as comisións de normalización encóntranse abertas a todas aquelas persoas do centro que desexaren participar activamente nelas, coa idea de tecer unha rede social ampla que propoña liñas de actuación dirixidas á mellora do status do galego no ámbito universitario.

Entre as funcións principais que teñen asignadas as comisións de normalización lingüística están as seguintes:

a) Recoller datos, pois antes de propormos medidas para a extensión do uso do galego necesitamos coñecer o mellor posible a realidade do centro en que pretendemos actuar e

realizar un diagnóstico a partir do cal definir uns determinados obxectivos e medidas. Para a elaboración dese estudo-diagnóstico inicial contamos cun guión e cunha listaxe de datos que nos interesan, e tórnase imprescindible a colaboración entre as comisións de normalización lingüística e a Área de Dinamización do Servizo de Normalización Lingüística.

b) Propor actuacións. A partir dos datos obtidos da análise anterior, e unha vez detectadas as principais necesidades do centro, débense definir os obxectivos que se queren acadar e propor aquelas medidas que foren precisas para os lograr, é dicir, elaborar un plan de normalización lingüística do centro encadrado no Plan de Normalización Lingüística da Universidade. Anualmente, as comisións deben preparar un programa de actividades enmarcadas en cadanseu plan de normalización. Na realización desas actividades, as comisións contan co apoio técnico do Servizo de Normalización Lingüística, que se ocupa tamén de procurar as fontes de financiamento, entre as cales salienta a derivada da aplicación do convenio de colaboración que mantén coa Xunta de Galicia e que se actualiza cada ano.

c) Canalizar intereses, xa que as comisións deben constituír un referente á hora de encamiñaren o interese dos membros do centro sobre calquera aspecto relacionado coa normalización lingüística, mediante colaboracións, queixas, suxestións etc.

d) Difundir información e recursos, pois é labor das comisións de normalización distribuír e dar a coñecer nos seus respectivos centros os diversos recursos (quer humanos quer materiais) que ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, así como facer visible a súa propia existencia e as distintas actividades que realizaren.

e) Coordinarse. Cómpre coordinar todos os esforzos existentes no contexto universitario arredor da normalización lingüística, de xeito que haxa un continuo intercambio de información sobre as actividades, iniciativas, dificultades e progresos de cada centro. Isto pode servir de idea e alento aos restantes centros e permitir, nalgúns casos, a adopción de iniciativas conxuntas para varios deles ou a posta en marcha de proxectos comúns a toda a universidade e/ou mesmo de alcance interuniversitario. Por outra banda, asumir a coordinación do Servizo de Normalización Lingüística permite obter un maior volume de información sobre as distintas iniciativas normalizadoras da Universidade, así como espallalas cunha maior eficacia.

f) Actuar como axentes dinamizadores, é dicir, os membros das comisións deben servir de referentes de calquera acción normalizadora na escola e/ou na facultade e establecer pontes entre o labor do Servizo de Normalización Lingüística e a sociedade.

Na actualidade son un total de 19 os centros da Universidade de Santiago de Compostela que contan con comisións de normalización lingüística: referímonos ás facultades de Ad-

ministración e Dirección de Empresas, Bioloxía, Ciencias Económicas e Empresariais, Ciencias da Comunicación, Ciencias da Educación, Ciencias Políticas e Sociais, Dereito, Farmacia, Filosofía, Física, Matemáticas, Medicina e Odontoloxía, Psicoloxía, Veterinaria e Xeografía e Historia, ás cales hai que engadir a Escola Politécnica Superior e as escolas universitarias de Enfermaría, Formación do Profesorado e Relacións Laborais.

2. O apoio do Servizo de Normalización Lingüística

A axuda que pode prestarlle o Servizo de Normalización Lingüística ás comisións de normalización dos centros resúmese basicamente en cinco puntos:

a) Formación sobre aspectos diversos como a situación sociolingüística de Galicia e o marco legal vixente, sobre a situación lingüística verificable no ámbito da Universidade de Santiago de Compostela, sobre a propia natureza e funcións das comisións de normalización e sobre cuestións relativas á planificación e dinamización lingüísticas. Tamén é importante proporcionarles ás comisións un bo argumentario fronte aos prexuízos aínda existentes contra a lingua galega e/ou contra o proceso normalizador.

b) Información a través das canles máis habituais como o correo electrónico e as comunicacións telefónicas ou persoas. A transmisión desas informacións de interese prodúcese ademais nas propias xuntanzas que realizan periodicamente as comisións de normalización, e tamén a través do boletín *O Cartafol* que vén publicando o Servizo de Normalización Lingüística desde o ano 1992 (coa súa versión electrónica *O Cartafol Dixital*: <http://ocartafol.usc.es> <http://ocartafol.usc.es>).

c) Asesoramento e apoio técnico, pois o camiño actual na procura do cambio lingüístico baséase na consecución da calidade lingüística como argumento fundamental. Neste sentido, o profesorado, o alumnado e o persoal de administración e servizos da Universidade de Santiago de Compostela poden empregar o servizo de asesoramento que lles ofrece o Servizo de Normalización Lingüística, e que inclúe a corrección e tradución de textos, a resolución de consultas lingüísticas, o deseño de documentos administrativos e diversos recursos lingüísticos como dicionarios, correctores etc. Por outra banda, o Servizo de Normalización Lingüística proporciona un apoio técnico que se concreta de distintos xeitos: métodos de traballo planificado (nos estudos-diagnóstico e nas propostas de actuación) e apoio tanto na implementación das medidas como no seu financiamento a través do devandito convenio anual coa Secretaría Xeral de Política Lingüística ou, se for preciso, suxerindo e/ou xestionando outras fontes de financiamento alternativas ou complementarias.

d) Coordinación. O Servizo de Normalización Lingüística posibilita e estimula a coordinación non só das distintas comisións de normalización entre si, senón tamén a outros niveis:

por exemplo, a coordinación das comisións con outras áreas do propio servizo (e con outros servizos da Universidade de Santiago de Compostela), co Consello de Dirección, co Claustro etc.

e) Proxección. O Servizo de Normalización Lingüística dá a coñecer o papel desenvolvido polas distintas comisións de normalización, dándolles difusión ás súas actividades e subliñando o protagonismo da propia comunidade universitaria no proceso de normalización lingüística.

3. Resultados

Os primeiros resultados derivados da aplicación destas medidas son a aparición de estudos sociolingüísticos e outros datos de interese que nos ofrecen unha radiografía da situación do galego nos centros e, como consecuencia, en distintos ámbitos científicos. Loxicamente, a partir desas constatacións iniciais desenvolvéronse unha serie de iniciativas dirixidas especificamente ao profesorado universitario e ao persoal docente en formación:

a) Cursos interdisciplinares de formación de profesorado para a elaboración e edición de unidades didácticas en lingua galega para a docencia universitaria.

b) Obradoiros de expresión oral orientados ao desenvolvemento das habilidades lingüísticas necesarias na docencia e á extensión do uso do galego nese ámbito.

c) Cursos de creación de webs docentes en galego, mediante os cales se fomenta de xeito simultáneo o emprego do noso idioma, o achegamento ás novas tecnoloxías e a innovación metodolóxica na docencia.

Canto ás iniciativas de dinamización lingüística postas en marcha polas comisións normalizadoras co apoio do Servizo de Normalización Lingüística podemos salientar:

a) Premios á calidade lingüística e á excelencia dos traballos académicos (traballos de curso e de fin de grao e proxectos de fin de carreira).

b) Axudas á redacción e defensa en lingua galega de traballos de fin de mestrado, de memorias de investigación, de traballos de investigación tutelados e de teses de doutoramento. Estas axudas, vixentes desde 1994, consisten en formación e asesoramento (lingüístico, terminolóxico e/ou informático), dotación de recursos lingüísticos (correctores ortográficos, por exemplo) e axudas económicas.

c) Desenvolvemento de ciclos, xornadas e conferencias, como as xornadas «Educación e linguas en Galicia» (organizadas pola comisión de normalización lingüística da Facultade de Ciencias de Comunicación) ou as xornadas «Os recursos educativos en galego» (organizadas pola comisión de normalización lingüística da Facultade de Ciencias da Educación).

d) Campañas de dinamización lingüística como a recente «Témoslle lei», levada a cabo na Facultade de Dereito.

e) Concursos como o concurso de monólogos monolingües «Vennos con contos» ou o concurso de publicidade en galego «Comunicádomos».

f) O «ETSE Open de SL / Fiadeiro de localización de software libre na ETSE», organizado pola comisión de normalización lingüística da Escola Superior de Enxeñaría coa participación da Oficina de Software Libre e que tiña como obxectivo promover a lingua galega ligada á utilización de software libre na Universidade de Santiago de Compostela.

A análise dos resultados obtidos fáínoos ver como bastante desiguais, pois dependen das circunstancias de cada momento, das características de cada comisión de normalización e por suposto dos diversos graos de interese, compromiso e vontade para coa lingua e/ou para coa comisión en cuestión. Ás veces detéctanse carencias na formulación de ideas e de argumentos, así como falta de tempo ou de capacidade executiva para desenvolverlas axeitadamente. Tamén cómpre reparar na excesiva dependencia que adoita existir con respecto a un individuo que actúa como referente ou dirixente, o cal vai en detrimento do traballo en equipo e da coordinación dos membros de cada comisión.

4. Conclusións

En definitiva, as comisións de normalización lingüística dos centros resultan de grande utilidade no proceso de extensión do galego no seo da Universidade de Santiago de Compostela. A participación directa das persoas implicadas nos procesos esixe tempos e ritmos máis lentos do que desexariamos, mais é ese labor continuo o que garante as posibilidades de crear conciencia e de conseguir que o traballo non fiquen nun día ou nunha actividade puntual. Con todos, non é menos certo que as comisións necesitan moito apoio e seguimento técnico e que non acaban de desenvolver todo o seu enorme potencial.

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña

NURIA SEOANE BOUZAS

1. Nivel interno

O Servizo de Normalización Lingüística do Concello da Coruña foi creado a finais de outubro do ano 2007, cuns recursos humanos moi escasos e uns recursos económicos certamente limitados. Malia que o desexable sería que o servizo operase dun xeito transversal, o certo é que a súa localización non favorece unha actuación deste tipo.

O Servizo de Normalización Lingüística tentou que se aprobase a Ordenanza de Impulso do Galego no Concello da Coruña, mais, a pesar do pacto de goberno vixente entre o PSOE e o BNG, non se puido conseguir tal obxectivo. En xeral, obsérvase no Concello da Coruña un grave incumprimento da lexislación lingüística que afecta a ámbitos moi diversos.

Entre as funcións que asume o Servizo de Normalización Lingüística están:

a) O fornecemento de recursos lingüísticos: a permanencia das linguas está intimamente ligada á existencia de ferramentas axeitadas que as acheguen ás novas necesidades. Por ese motivo, o Servizo ofrécelles aos usuarios algúns recursos en rede que poden ser de utilidade de cara a melloraren a calidade da súa escrita en galego, como son o dicionario da editorial Ir Indo (coas definicións das palabras e as súas equivalencias en portugués, alemán, inglés e castelán), o corrector ortográfico do Openoffice.org ou o tradutor galego-castelán / castelán-galego desenvolvido no IES Chan do Monte.

b) O asesoramento lingüístico e a corrección de textos

A isto hai que engadir a posta en marcha dun caderno dixital (<http://snlacorunha.blogaliza.org>) desde o cal pode accederse a toda a información relativa ao Servizo, así

como aos recursos, convocatorias e iniciativas de dinamización lingüística que iremos comentando ao longo desta contribución.

2. Actividades

2.1. ALGUNHAS ACTIVIDADES COS CENTROS DE EDUCACIÓN PRIMARIA

O Servizo de Normalización Lingüística apoia, reforza e garante a visibilidade do traballo que realizan os equipos de normalización dos distintos centros de educación primaria, cunha vontade de unir esforzos. Ademais de actividades concretas, como o concurso de cartas aos Reis Magos, o concurso de deseño dunha campaña de promoción do galego nos centros de educación primaria do concello da Coruña (en colaboración coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega), a campaña «O galego medra contigo» ou o xogo «Na procura das palabras», o Servizo procura facilitar o material e recursos necesarios para levalas a cabo, así como posibilitar a asistencia a actividades de dinamización lingüística que se desenvolveren noutros espazos da cidade (como o Museo de Arte Contemporánea de Unión Fenosa, o Fórum Metropolitano etc.).

2.2. ALGUNHAS ACTIVIDADES COS CENTROS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

As actividades desenvolvidas polo Servizo de Normalización Lingüística en colaboración cos centros de educación secundaria do Concello da Coruña teñen como obxectivo principal impulsar a reflexión do alumnado sobre os seus propios hábitos e prexuízos lingüísticos, ao tempo que procuran abrir espazos para o uso da lingua galega entre a xente nova (un dos sectores onde se percibe un maior grao de penetración do castelán, como lingua preferente ou exclusiva). Nesta liña realizáronse actividades como as charlas «En galego, por que non? Contra os prexuízos e as simplificacións sobre a lingua galega», impartidas por Manuel Núñez Singala en varios centros da Coruña e que pretendían, mediante exemplos concretos e doados de comprender, desmontar moitas das simplificacións e preconceptos existentes aínda sobre a nosa lingua.

Ademais, tal e como comentabamos na epígrafe anterior, trátase de unir e coordinar esforzos, de coñecer de primeira man os proxectos promovidos desde os propios centros e de colaborar no seu desenvolvemento, proporcionándolles a necesaria visibilidade de cara á cidadanía. Exemplos disto poden ser a exposición «Toponimia Galega Castelanzada», dirixida e coordinada polo Equipo de Normalización Lingüística do IES Rafael Puga Ramón, ou o I Certame de Monólogos Cómicos, organizado polo Departamento de Normalización e Dinamización Lingüística do IES Menéndez Pidal.

Difundirmos a lingua galega entre a mocidade a través do diálogo e da confrontación pública de ideas é o obxectivo do torneo de debate «Falamos», organizado conxuntamente coa Asociación Socio-Pedagóxica Galega e aberto aos centros de ensino secundario e de

formación profesional dos concellos da comarca da Coruña. O debate consiste no intercambio de argumentos entre dous equipos que, axustándose a unhas determinadas normas, interveñen defendendo posturas distintas (un a favor e outro en contra) sobre certos temas escollidos pola organización, como por exemplo «O galego, un dereito ou un deber?», «A crise: oportunidade ou catástrofe», «Os medios de comunicación: forman ou deforman?» etc. Deste xeito estímúlase o traballo en equipo e mais a capacidade de convencer fundamentando e argumentando as conviccións propias, ao tempo que se promove o respecto e a tolerancia cara ás ideas discrepantes. Ademais, ao ser unha competición orientada a impulsar o uso do galego, valóranse especialmente aspectos como a corrección e a calidade lingüísticas do discurso.

2.3. ALGUNHAS ACTIVIDADES COAS ASOCIACIÓNS

Este tipo de actividades teñen especial interese na medida en que permiten detectar «actores chave» e configurar redes máis ou menos amplas. Neste sentido, o Servizo de Normalización Lingüística pode encargarlles ás asociacións a implementación dalgúns proxectos deseñados por elas mesmas noutros sectores como por exemplo o ensino. Entre esas actividades salientan as de carácter dinamizador (como as traducións de filmes do xaponés para o galego ou as Xornadas de Anime Mangalego) e as de tipo formativo (como os obradoiros de novas tecnoloxías e lingua ou os de integración lingüística e cultural para inmigrantes e emigrantes retornados/as)

2.4. ALGUNHAS ACTIVIDADES NOS BARRIOS

As accións levadas a cabo nos barrios da cidade da Coruña teñen diversas finalidades. Ademais de darlle visibilidade ao propio Servizo neses ámbitos, procúrase sensibilizar a cidadanía sobre o uso da lingua, crear espazos de uso para a lingua galega e incidir na medida do posible no proceso de transmisión interxeracional do idioma. Estreitamente relacionada con este aspecto está a campaña «O galego medra contigo» que ten lugar cada ano con motivo das Letras Galegas. Na súa primeira edición, no ano 2009, dispuxéronse carpas en seis barrios e deseñouse un amplo programa de actividades centrados nos/nas máis pequenos/as da casa, como concertos, monicreques, torneos de chave e billarda etc. Na edición do ano 2010, a campaña tivo como fío condutor o libro *Paula e as palabras que levou o vento*, da autoría de Xosé Carlos Cermeño e publicado en 1995. Deste xeito organizáronse sesións de contacontos e espectáculos musicais baseados na dita obra, e entregóuselles ás familias unha serie de materiais para poderen traballar na casa cos/coas seus/súas fillos/as, como por exemplo un caderniño no que cada un/unha dos/das pequenos/as poida escribir a súa propia historia (do mesmo xeito que fixo Paula no libro). Tamén especialmente dirixidas ao público máis novo están outras iniciativas como o ciclo de cinema «Pelis para os/as peques» (con máis de 30 películas proxectadas) ou toda unha serie de actividades para difundir o personaxe do Apalpador entre os/as cativos/as da cidade.

2.5. OUTRAS ACTIVIDADES

Entre elas podemos subliñar o Voluntariado de Activación Lingüística (iniciado en 2008 co propósito de incorporar novos falantes de galego e promover o uso cotián do idioma), os grupos de conversa, o concerto das Letras Galegas dirixido á mocidade e o rexistro documental da toponimia e da tradición oral da cidade da Coruña.

O contexto sociolingüístico da cidade de Ferrol. A experiencia en normalización lingüística nos concellos

BEATRIZ BASCOI MACEIRAS

1. Consideracións previas

Nesta aproximación aos aspectos máis salientables do proceso de normalización lingüística no concello de Ferrol, ademais dunha breve mostra dos datos sociolingüísticos máis salientables, limitarémonos ao traballo realizado no ámbito interno da administración e no proceso participativo en que se basean todas as accións de dinamización lingüística. Partimos dos datos sociolingüísticos da cidade de Ferrol ofrecidos polo Instituto Galego de Estatística na súa *Enquisa de condicións de vida das familias de 2008*, que se pode consultar en <<http://www.ige.eu>>.

Datos relativos ao Concello de Ferrol da *Enquisa de condicións de vida das familias Ano 2008*, realizada polo Instituto Galego de Estatística.

Persoas segundo a lingua na que falan habitualmente

En galego ou máis galego: **18, 51**

En castelán ou máis castelán: **81, 49**

Persoas que saben falar en galego

Saben falar galego moito ou bastante: **77,83**

Saben falar galego pouco ou nada: **22,16**

Persoas segundo o grao de entendemento do galego falado

Entenden o galego falado moito ou bastante: **92,08**

Entenden o galego falado pouco ou nada: **7,92**

Persoas segundo a lingua na que aprenderon a falar

En galego: **15,14**

En castelán: **59,07**

Nas dúas: **25,80**

Medios polos que aprenderon a falar en galego

Familia **65,58**

Escola **42,14**

Amizades **19,72**

Veciños **19,52**

Traballo **7,09**

Outros **7,30**

Persoas segundo a lingua na que escriben habitualmente

Galego: **3,57**

Castelán: **96,43**

Persoas segundo o grao de entendemento do galego escrito

Moito **43,54**

Bastante **40,70**

Pouco ou nada **15,76**

Persoas que saben escribir en galego

Moito **18,27**

Bastante **33,25**

Pouco **23,43**

Nada **25,04**

2. A actividade de normalización lingüística

Para o proceso de normalización da nosa lingua, o Concello de Ferrol conta cun Gabinete de Normalización Lingüística (GNL), cuns órganos de asesoramento en política lingüística –o Consello Municipal da Lingua e a Comisión de Seguimento da Ordenanza de Normalización Lingüística– e cun marco legal que se concreta na Ordenanza de Normalización Lingüística así como en específicos acordos plenarios. As accións realizadas nos últimos anos nas tres áreas de traballo –asesoramento, formación e dinamización– en que se organiza o labor dun departamento de normalización lingüística foron numerosas e moitas outras son as que quedaron por facer, nuns casos por falta de capacidade ou oportunidade e noutros por falta de vontade.

3. O Gabinete de Normalización Lingüística

O Gabinete de Normalización Lingüística adquiriu carácter permanente no ano 2000. Ata ese momento a súa existencia dependía da concesión de subvención por parte da Administración autonómica. Nos primeiros meses de funcionamento o gabinete formaba parte da Área de Cultura e, tras pasar por diferentes concellarías, na actualidade está adscrito á Área de Réxime Interno. Desde o punto de vista do regulamento, o gabinete réxese pola Ordenanza de Normalización Lingüística e polo Plan de Normalización Lingüística.

O Gabinete de Normalización Lingüística naceu como unha unidade de tradución e corrección de documentos administrativos e de textos públicos e, pouco a pouco, sen deixar de ser iso, foise convertendo nunha unidade técnica dentro da organización municipal, orientada á planificación e ao desenvolvemento das accións que se estableceren de cara á consecución duns obxectivos en materia de política lingüística fixados polo goberno municipal correspondente. Tal e como lle corresponde a un servizo destas características, o Gabinete de Normalización Lingüística realiza traballos de asesoramento, de formación e de dinamización lingüísticas.

No tocante aos recursos humanos, o Gabinete de Normalización Lingüística conta unicamente cunha técnica de normalización lingüística e carece de persoal administrativo específico, de xeito que o comparte coa área en que se integra. Canto aos recursos económicos, o orzamento destinado á normalización lingüística varía notablemente en cada lexislatura. Nos tres primeiros anos non dispuxo de orzamento, mentres que a partir do 2000 o orzamento anual varía desde os 20.000 euros aos 70.000 euros da actualidade.

4. Marco legal

4.1. ORDENANZA DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

Máis alá do marco legal lingüístico que lles afecta a todas as administracións locais de Galicia, o Concello de Ferrol dispón dunha Ordenanza de Normalización Lingüística¹ aprobada en 1997 por maioría absoluta. O texto segue basicamente o modelo proposto pola Consellaría de Xustiza no *Manual para cargos públicos sobre o uso do galego nas corporacións locais*. Esta nova ordenanza, de 32 artigos, regula polo miúdo o uso do idioma na organización municipal, nas relacións cos/coas administrados/as, nas relacións institucionais, nas publicacións e actividades públicas, na selección, provisión e reciclaxe do persoal etc. Todo o disposto na ordenanza rexe tamén para os organismos e entidades (padroados, empresas mixtas, consellos etc.) que dependan do Concello.

¹ Pódese descargar en <<http://www.ferrolconlingua.com>>.

4.2. CLÁUSULA DA LINGUA VEHICULAR

Nese mesmo ano de 1997, o Concello de Ferrol adoptou por unanimidade un acordo plenario polo cal se dispón que en todos os contratos, convenios e comunicacións derivadas das relacións que o Concello establecer con terceiros (tanto de ámbito público como privado) será obrigatorio o emprego da lingua galega. Porén, para o seguimento do cumprimento destas cláusulas non se habilitou ningún mecanismo de control específico nin se prevé o que ocorre en caso de non se respectaren.

4.3. CONVENIO DOS TRABALLADORES E TRABALLADORAS

O Acordo regulador da condicións de traballo dos empregados do Concello de Ferrol dedícalles un capítulo aos dereitos lingüísticos e considera o establecemento dun programa de formación lingüística e a implantación de sistemas de traballo que aseguren o dereito a desempeñar a actividade laboral en galego.

5. O Consello Municipal da Lingua (CML)

O Consello Municipal da Lingua defínese como órgano de participación cidadá para a consulta, seguimento, información e proposta na xestión municipal na área de Normalización Lingüística. Está formado por 21 persoas nomeadas polo pleno, representantes de diferentes sectores da sociedade ferrolá e propostas polas entidades máis significativas do tecido asociativo do concello, agás cinco persoas que son propostas polos grupos políticos.

A composición do Consello Municipal da Lingua responde ao seguinte organigrama:

- a) O presidente, que é o alcalde/alcaldesa ou a persoa en quen delegar.

- b) Vogais:
 - 1 representante de cada un dos grupos políticos representados na Corporación
 - 1 representante do ensino universitario
 - 1 representante do ensino non universitario
 - 1 representante das entidades asociativas en defensa do idioma
 - 1 representante das entidades asociativas veciñais rurais
 - 1 representante das entidades asociativas veciñais urbanas
 - 1 representante das entidades asociativas xuvenís
 - 1 representante das organizacións sindicais
 - 1 representante do mundo dos medios de comunicación

- 2 representantes do empresariado, comercio e profesionais
- 5 persoas representativas designadas polo Concello Pleno

c) Secretario/a, que é o da Corporación ou ben o funcionario en quen delegar.

6. O Plan de Normalización Lingüística (PNL)

A primeira e máis importante tarefa do Consello Municipal da Lingua foi a activación e coordinación da elaboración do Plan de Normalización Lingüística, un documento marco que recolle uns obxectivos e unhas liñas de actuación sistemáticas en materia de política lingüística municipal para os vindeiros anos². O plan naceu da participación activa de representantes de todos os sectores sociais ben a través de entrevistas, ben en xuntanzas de traballo dos diferentes grupos de participación sectorial. Foron en total 147 persoas as que asistiron en varias ocasións ás xuntanzas en que se analizou a situación sociolingüística dos seus respectivos eidos e, a partir desa análise, propuxeron obxectivos e liñas de actuación para finalmente crear un marco de acción flexible co propósito de avanzar na normalización do galego na sociedade ferrolá.

O primeiro acordo adoptado polo Consello Municipal da Lingua foi presentarlle ao órgano de goberno correspondente a proposta de elaboración dun plan de normalización lingüística que debería ir precedido dun estudo diagnóstico da situación da lingua no concello.

O funcionamento baseábase na creación de espazos de encontro, dinámicos e abertos aos membros de cada un dos sectores sociais, os denominados GPS (*grupos de participación social*). En paralelo, manteríanse contactos (encontros, foros ou entrevistas) con representantes de determinados eidos que se consideraron de interese específico para o proceso de planificación.

O Consello Municipal da Lingua propuxo crear grupos de participación social en cinco sectores principais: ensino e mocidade, medios de comunicación, administración municipal, sector sociocultural e sector socioeconómico. A eles cómpre engadir outros dous grupos de participación social inicialmente clasificados como foros e que se foron conformando na dinámica do proceso: o sector das novas tecnoloxías e o sector relixioso. Como ámbitos de interese específico consideráronse as grandes superficies e mercados, as entidades deportivas, as entidades xuvenís, os colexios profesionais, a Universidade, IZAR (actual *Navantia*), a Mariña, os consellos municipais sectoriais e mais as institucións lingüísticas.

² Pódese descargar en <<http://www.ferrolconlingua.com>>.

Acordouse que nas xuntanzas dos grupos de participación social debía participar algún representante do goberno municipal e o persoal do Gabinete de Normalización Lingüística, como mostra de que a institución asumía un papel chave na dinamización do proceso de normalización da lingua na nosa sociedade.

Unha vez redactado un bosquexo con todas as propostas dos participantes, o Consello Municipal da Lingua estudouno e considerou oportuno presentarlles o texto ás entidades de relevancia no ámbito das institucións lingüísticas (entre elas a Universidade da Coruña), co fin de obter a súa contribución e o seu apoio.

O Plan de Normalización Lingüística estrutúrase do seguinte xeito:

a) Directrices estratéxicas, ou sexa, ideas e principios que marcan o plan no seu conxunto e que deben orientar o seu desenvolvemento.

b) Sete sectores de actuación:

- Administración municipal
- Sector socioeconómico
- Sector sociocultural e deporte
- Medios de comunicación
- Ensino e mocidade
- Confesións relixiosas
- Tecnoloxías da información e comunicación

c) Obxectivos específicos para cada un deses sectores, cunhas liñas de acción para acadar os obxectivos e unhas accións concretas e específicas que lles dan contido a esas liñas de acción.

A partir de aquí, a programación de dinamización do departamento de lingua deberá responder aos contidos deste documento.

O Plan de Normalización Lingüística aprobouno o Concello Pleno por unanimidade no ano 2003. Malia iso, nos catro anos seguintes á súa aprobación, o Consello Municipal da Lingua non foi convocado e o desenvolvemento do plan cinxiuse ao ensino, á administración local e en menor medida co movemento asociativo.

A comezos da actual lexislatura convocouse de novo o Consello Municipal da Lingua e como primeira medida decidiuse activar o Plan de Normalización Lingüística en novos ámbitos. Co fin de gañar en operatividade, o Consello Municipal da Lingua organizou o

seu traballo a través de dous grupos: un do sector socioeconómico (que comprende os sectores de novas tecnoloxías, medios de comunicación e o sector socioeconómico propiamente dito) e outro do sector sociocultural (para os sectores de confesións relixiosas, deporte, novas tecnoloxías, ensino e mocidade). Nestes dous grupos de traballo intégranse, ademais dos correspondentes membros do Consello, as persoas que participaron na elaboración do Plan de Normalización Lingüística ou representantes de entidades daqueles sectores sobre os que se ten pensado traballar. Cada grupo estableceu uns novos ámbitos prioritarios para actuar. No grupo do sector socioeconómico os seleccionados foron os mercados municipais, os servizos funerarios e as grandes superficies e centros comerciais abertos. No sector sociocultural, as accións dirixíronse de novo á mocidade, ao ensino e ao deporte.

O apoio, a implicación dos representantes e entidades do sector destinatario e a participación activa desde o primeiro momento é un apoio en calquera proceso deste tipo, mais as características específicas da cidade de Ferrol fano especialmente necesario. Sen entrarmos aquí nunha análise detallada das características da cidade e dos datos sociolingüísticos, cómpre termos en conta que Ferrol é un concello que perde poboación desde hai anos en beneficio da súa comarca, que perdeu tecido empresarial e comercial e que aparece nos últimos estudos sociolingüísticos como a cidade con menor número de galegofalantes (máis do 80% da poboación di falar castelán sempre ou de xeito habitual). Por este motivo, a participación social tórnase un requisito esencial de cara a conseguir os obxectivos propostos.

Cómpre dicirmos que, se ben o principal papel do Consello foi activar o Plan de Normalización Lingüística, da súa dinámica inicial e dos grupos de traballo creados no seu seo foron xurdindo iniciativas como algunha entidade xuvenil, a galeguización da imaxe e da publicidade de *Cáritas* ou o comezo da galeguización do club de fútbol da cidade (o *Racing de Ferrol*). Ademais, o Consello funciona como un órgano que denuncia o incumprimento do marco legal nesta materia e que propón e apoia perante os distintos sectores sociais todo tipo de accións a prol da lingua.

7. A Comisión Interdepartamental de Seguimento da Ordenanza de Normalización Lingüística (COSNOL)

Este órgano de asesoramento aparece regulado na Ordenanza de Normalización Lingüística (ONL) no que se refire á súa composición, ás sesións e ás funcións básicas.

Segundo a Ordenanza de Normalización Lingüística, a Comisión estará integrada, como mínimo, polo alcalde, o secretario xeral, o xefe de persoal, a persoa responsable do Servizo de Normalización Lingüística, un concelleiro ou concelleira designado/a por cada grupo

municipal, un representante do Comité de Empresa e outro da Xunta de Persoal. Porén, esta comisión non se creou ata que comezou a elaboración do Plan de Normalización Lingüística, co obxectivo de cumprir non só os fins que lle asignaba a propia ordenanza senón tamén de actuar como grupo de representación do funcionariado na redacción do plan.

Son varias as funcións que ten encomendadas e delas hai que salientar a de garantir e analizar o cumprimento da dita ordenanza, elaborar propostas de establecemento do nivel de coñecemento de galego que deberá figurar nas bases das convocatorias ou dispor criterios para a normalización do uso da lingua galega no Concello, nos seus organismos e no conxunto do municipio.

Este órgano mantivo un papel activo na elaboración do Plan de Normalización Lingüística e as súas propostas recolléronse no documento editado. Nos últimos anos (2008-2010) os seus membros decidiron cales das accións recollidas polo dito plan deberían ser as prioritarias dentro do Concello; entre elas destacan:

- a) Incorporar a cuestión lingüística ao desenvolvemento da normativa sectorial do Concello.
- b) Garantir que os programas informáticos, adquiridos ou propios, estean en lingua galega ou poidan verterse a esta lingua.
- c) Garantir que a comunicación pública do Concello se realice en lingua galega.
- d) Realizar seminarios de traballo entre o Gabinete de Normalización Lingüística e os responsables dos departamentos municipais para coordinaren o deseño e o desenvolvemento da formación e do apoio lingüístico dirixido a eles.
- e) Organizar seminarios de formación para a «calidade na atención ao público», que exerciten o emprego oral da lingua entre o persoal municipal que desenvolve esas funcións
- f) Organizar seminarios de formación para a elaboración de documentos municipais en lingua galega.
- g) Determinar as funcións do Gabinete de Normalización Lingüística e incrementar de xeito substantivo os seus recursos humanos e materiais.

A maioría destas accións foron levadas finalmente a cabo, mentres que algunhas outras están en marcha agora mesmo. O funcionariado de Ferrol recibiu unha oferta moi ampla de formación lingüística, tanto presencial como en liña, como cursos de lingua escrita e oral, reciclaxe e actualización, utilización de correctores e tradutores en rede, atención ao

público, redacción de documentos etc. Está prevista a organización de cursos sobre lexislación lingüística, dereitos lingüísticos e obrigas do funcionariado e da cidadanía.

Unha das accións máis efectivas e considerada prioritaria polos membros da Comisión foi a da incorporación da cuestión lingüística no desenvolvemento da normativa sectorial do Concello de Ferrol. Boa proba disto é que as bases xerais de todas as convocatorias de axudas públicas do Concello valoran como méritos o uso do noso idioma na actividade habitual da asociación, a dispoñibilidade da documentación oficial da entidade en lingua galega (así debe figurar no Rexistro Municipal de Asociacións) e o feito de o proxecto que aspira á subvención incidir no proceso de normalización no seu sector. Evidentemente, a entidade que recibe a axuda está obrigada a desenvolver o seu proxecto en galego, sen prexuízo de o facer tamén noutras linguas.

A acción da Comisión destaca tamén no deseño da proba de lingua galega no acceso á función pública municipal (tanto na súa dimensión escrita como oral), vinculando este requisito ás demandas efectivas do desempeño, función limitada agora pola recente reforma da Lei da función pública.

O Concello de Ferrol estableceu en 1993 probas de lingua obrigatorias e eliminatorias para determinadas prazas. Desde o ano 2000 en todas as convocatorias, tanto para o acceso á función pública coma para a promoción interna., as probas de coñecemento escrito e oral do idioma tiñan carácter obrigatorio e eliminatorio e estaban vinculadas ás funcións propias do posto ofertado. Deste xeito, segundo a praza, esixíase a redacción dunha acta, dun informe técnico, dun informe de atestados etc., mentres que a competencia oral acreditábase mediante unha entrevista. Esta situación viuse alterada recentemente coa reforma da Lei da Función Pública de Galicia, de xeito que a partir deste momento abondará con posuír formación lingüística (os diplomas dos CELGA ou antigos cursos de iniciación ou perfeccionamento) para estar exento da realización da proba. As persoas que non acrediten esa formación deberán superar unha proba de lingua escrita de carácter eliminatorio.

A adecuación do nivel de coñecemento de lingua á praza ofertada e mais o carácter obrigatorio e eliminatorio nas probas correspondentes reflíctese dunha forma positiva, tanto na actitude como na capacidade do novo funcionariado. No caso da promoción interna aplícase o mesmo sistema e considérase como mérito a formación lingüística específica do ámbito da administración. Ademais, os temarios de Dereito administrativo, comúns ás convocatorias de todas as prazas, inclúen a Ordenanza de Normalización Lingüística.

Unha das tarefas pendentes desta comisión é a elaboración dunha proposta de perfís lingüísticos, unha das vías de intervención menos traballada e posiblemente a máis eficaz

a medio e longo prazo: definir as habilidades lingüísticas concretas que se requiren para desempeñar as funcións propias de cada posto de traballo.

Estas son, en liñas moi xerais, as ferramentas, os órganos e os recursos básicos que configuran o marco para a actuación do Concello de Ferrol, como administración, en materia de normalización lingüística, así como algunhas das actuacións que se encadran na denominada *intervención directa*, isto é, as realizadas nos estritos límites das competencias legais dunha administración e da súa capacidade, que aproveitada en todos os seus extremos non é pouco, dado o efecto multiplicador que pode ter un concello plenamente galeguizado.

Todo este conxunto de accións e «ferramentas» acada un maior ou menor rendemento e dinamismo en función da vontade política do Goberno en materia de lingua.

8. Dinamización lingüística

As accións levadas a cabo nesta área de traballo sempre tiveron a participación sectorial como punto de partida. Co tempo, este tipo de actuacións de dinamización social da lingua foron adquirindo máis importancia no conxunto das tarefas do Gabinete de Normalización Lingüística.

As actividades de dinamización realizadas ata o momento procuraron sempre un enfoque transversal e participativo, de xeito que en todas elas se implicase algunha outra entidade e diferentes departamentos municipais. Os departamentos municipais de Educación, Mocidade, Cultura, Seguridade e Tráfico e Recursos Informáticos participaron activamente nos diferentes proxectos dinamizadores que se viñeron desenvolvendo ao longo destes anos desde o Gabinete de Normalización Lingüística. Ao mesmo tempo implicáronse diferentes entidades da cidade, como o Club de Xadrez, o Ateneo Ferrolán, a Federación de ANPA de Ferrolterra, a Cámara de Comercio e algunhas outras que prestaron a súa colaboración de varios xeitos.

Os ámbitos en que máis se incidiu foron o ensino e a mocidade, o movemento asociativo, as novas tecnoloxías (co coñecido programa *Ciberlingua*, desenvolvido entre once concellos), e nestes últimos anos o deporte e o sector socioeconómico (actualmente, nos mercados municipais e nas funerarias).

Co fin de darmos a coñecer as actividades, desde comezos de 2010 dispoñemos da páxina <<http://www.ferrolconlingua.com>>, na cal, ademais de poñer a disposición dos usuarios algúns documentos de interese, presentamos aquelas accións de dinamización lingüística realizadas nos distintos ámbitos ao longo dos últimos anos.

(Re)pensar el discurso

JOSÉ MARÍA SÁNCHEZ CARRIÓN

Introducción

Amigas, amigos de Galiza:

Es una responsabilidad y una satisfacción que me honra compartir con vosotros estas reflexiones escritas como en su día hemos compartido de modo directo nuestras inquietudes respecto al hoy y al mañana de nuestras lenguas.

Éste es para mí un texto que se sitúa, por varias razones coaligadas, en un «punto de inflexión», en lo más personal y en lo más general.

En lo más personal, como en su día lo fue la charla, es el primer texto que voy a compartir después de varios años de silencio público.

Han sido años muy fecundos para mí, gracias también a la libertad de no tener obligación alguna de escuchar ni de ser escuchado; de leer o ser leído...

Los aprendizajes, las interacciones y las experiencias de estos años me permiten poder afirmar ahora que la sociolingüística es una disciplina que queda ya fuera del campo de mi interés y, por tanto, de mi investigación, y que la hololingüística es, en cambio, el territorio nuevo en el que se adentran mis pasos, aun vacilantes, como los de un niño que deja de gatear y comienza a andar sobre sus dos pies.

Si hay dos manos que hayan sostenido, más que otras, ese andar vacilante son éstas:

1. Los talleres de investigación sobre el Lenguaje de la Luz¹, que, junto con nuestro recordado amigo el profesor Alain Masson², y nuestro común amigo –suyo y mío–, Alejandro Pérez de San Román-Odrizola, hemos llevado a cabo durante casi dos décadas. Son talleres en los que han concurrido y a los que han contribuido muchas personas, algunas de modo puntual, otras de modo más estable y permanente. Mencionarlas a todas sería aceptar la injusticia de omitir alguna. Déjese en nombre de todas ellas recordar a Alicia Gabarain y Amparo Arévalo, en el País Vasco, y a M^{de} Françoise Masson y Nicolas y Céline de Vitry en el Poitou francés.

2. La otra mano es la Fundación Bizi+Hitza, (Vida y Lenguas). Presidida sucesivamente-y tan abnegada como ejemplarmente- por Pilar Unzueta y por Ana Cristina Vega Zabalza, y cofundada por Iñaki Larrañaga y Mikel Agirreazkuenaga, la Fundación, dentro de su modestia de medios materiales, ha ido aglutinando en esos años un equipo de personas capaces e íntegras. Sus talleres de «euskeraren baratza»³ han resultado siempre estimulantes. Pero, sobretodo, han sido muy fecundas las experiencias de intercambio paritario llevadas a cabo con la Fundación Pueblo Indio del Ecuador (fundada por Monseñor Leónidas Proaño, el «obispo de los indios») y que preside nuestra querida amiga la Lcda. Nidia Arrobo, y con el pueblo arhuaco y la Confederación Indígena Tairona, representada de modo muy directo por nuestro fraterno amigo arhuaco Calixto Suárez Villafañe⁴.

El reconocimiento que le debo a Iñaki Larrañaga, fundador de Siadeco⁵ y cofundador de la Fundación Bizi+Hitza, maestro, colega, hermano, amigo, compañero de tantos años, de tantos viajes y de tan duras pruebas de altas montañas y de afilados abismos, es imposible de expresar en un registro ordinario, ni siquiera científico. En ocasión de un reciente – íntimo– homenaje de sus compañeros de Fundación, creo, si no haberlo logrado, sí al menos haberlo intentado en registro poético⁶.

¹ Hay dos libros titulados «El lenguaje de la Luz», el primero de ellos realizado conjuntamente con Alain Masson, que recogen lo más granado del fruto de este trabajo, y que están a la espera de su edición en francés por la editorial NVA.

² Alain Masson dejó este mundo para habitar el mundo de Luz que tanto había contribuido a comunicar el 2 de enero del 2010. Su obra es ingente, pero sólo una pequeña parte de ella ha sido editada. De entre ella como iniciación me permito señalar su libro «L'Alphabet des Commencements: la langue de la vie permit l'évolution de la matière». NVA Editions, 2006.

8.1. Os contratos de prestación de servizos (cafeterías, comedores universitarios, reprografía, etc.) asinados pola universidade con entidades privadas conterán unha cláusula onde se comprometan expresamente a respectar as normas que en materia de uso lingüístico dispón este regulamento. A universidade ofrecerá a colaboración do Servizo de Normalización Lingüística para facilitar o cumprimento desta normativa á parte contratada.

8.2. Os convenios asinados pola universidade con outras entidades públicas ou privadas redactaranse en galego e, se for o caso, na lingua ou linguas oficiais ou de traballo da outra ou outras entidades asinantes.

9. O SERVIZO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

9.1. O Servizo de Normalización Lingüística canalizará o cumprimento do disposto no artigo 5 dos presentes Estatutos da UDC, velando pola progresiva capacitación dos membros da comunidade universitaria no uso do galego e arbitrando as medidas necesarias para facer normal a utilización do galego en todos os ámbitos da vida universitaria.

9.2. A Universidade da Coruña comprométese a poñer a disposición do estudantado, persoal docente e de administración e servizos, especialmente daquelas persoas procedentes de fóra do dominio lingüístico galego, medios de formación e de asesoramento na lingua galega.

PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

A Universidade da Coruña, aínda nova, é continuadora dunha longa tradición universitaria ligada a Galicia. Somos novos e somos vellos, como o son as cidades, coa memoria conservada do pasado e o pulo por innovar e construír. A poucos pasos da Reitoría da Maestranza, na Cidade Vella da Coruña, ten a súa sede a Real Academia Galega. Pegado a nós e sobre a entrada da baía, o edificio da Fundación Seoane fálanos de modernidade e faino tamén en galego. Este é o noso mapa físico, mais tamén cultural.

Como xentes da universidade, non podemos deixar de ser conscientes da importancia da lingua galega como patrimonio social e cultural que debe ser protexido. Debémonos ao que somos e a onde vivimos. Así o entendeu o Consello de Goberno da UDC cando aprobou un Regulamento de usos da lingua galega, xa en vigor, e cando comezou o proceso para nos dotar dun Plano de normalización lingüística, o que agora se presenta.

Con este Plano ratificamos o noso compromiso coa normalización da lingua galega, que non é só compromiso legal, mais froito dunha convicción que mesmo pode ser chamada moral. A preservación da lingua propia, tal como nós a entendemos, forma parte inseparable da nosa vocación europea, pois a Europa do espazo de educación superior, onde estamos a nos integrar, é precisamente exemplo de harmonización da pluralidade cultural e lingüística.

De pouco serviría este Plano sen a cooperación do estudantado, do persoal docente e do persoal de administración e servizos. Eles, elas, dispoñen agora dun instrumento eficaz para a mellor adaptación dos nosos usos lingüísticos aos da comunidade en que nos integramos. Estou seguro de que, tal como fixemos ata agora, percorrерemos xuntos este camiño.

XOSÉ MARÍA BARJA
Reitor da Universidade da Coruña

Cando iniciamos esta última etapa de goberno, a situación da lingua galega na Universidade da Coruña era ben preocupante. Non vou referirme máis unha vez ao informe do profesor Álvarez Sousa, que corresponde a aquel momento, malia que o feito de continuar a ser a única diagnose profunda poida agochar o realizado nestes últimos anos. Non vou lembrar tampouco agora a hostilidade mesmo choqueira, e no fondo pailana, con que a lingua galega era tratada en determinadas instancias de poder local, co impacto que esas actitudes podían ter en sectores inseguros da sociedade. Cada quen apande cos seus problemas non resoltos. O certo é que a vontade de mudarmos o papel residual ou basicamente

cerimonial da lingua galega precisaba de instrumentos ben máis axeitados que unha soa funcionaria e un orzamento simbólico. A base normativa estaba posta, pois para alén do marco legal galego, os Estatutos da UDC recoñecían desde a primeira redacción o carácter da nosa lingua como propia da institución. Por aí comezamos.

Desde aquela, temos percorrido moito treito en dotación de medios humanos, orzamentarios e normativos. A colaboración coas outras universidades galegas é excelente. Compartimos con elas un premio a iniciativas normalizadoras que naceu precisamente aquí. As publicacións do Servizo de Normalización Lingüística esgótanse. A web é útil. As moi numerosas chamadas ao 1042, na Coruña, ou ao 3683, en Ferrol, teñen sempre resposta rápida e eficaz. Hai cada vez máis comisións de normalización lingüística nos centros. Para chegarmos a este punto, moito debemos agradecer o esforzo de Goretti Sanmartín Rei, a anterior directora do Servizo, agora continuado por Xosé Ramón Freixeiro. Máis importante aínda que calquera labor individual, por canto significa para o futuro, é a constatación de que hoxe, entre estudantes, docentes e PAS hai un clima favorable á normalización da lingua galega, que é entendida como patrimonio común e nunca de parte, como riqueza cultural e mesmo como modernidade. Ou abondaría dicir que estamos cómodos sendo quen somos? En galego, con naturalidade.

Estas circunstancias favorables explican, sen dúbida, que o actual Regulamento de usos da lingua galega fose aprobado practicamente por unanimidade ou que o Plano de normalización lingüística, que aquí se presenta, chegue sen votos en contra. Porén, aínda fica moito por facer, como resulta evidente para calquera observador sen preconceitos. Para iso precisamos deste Plano. A situación da lingua galega é irregular segundo de que sectores ou usos esteamos a falar. Por poñer o exemplo máis visible, é evidente que os avances foron ben cativos na docencia, que continúa a ter o castelán como instrumento case exclusivo. É evidente tamén que, malia os avances nos usos escritos, o uso oral precisa de reforzos. Haber haberá sempre irredutibles, mais non é este o caso do noso persoal de administración e servizos, que está a ser exemplar neste proceso de normalización, aspecto este do que quero deixar constancia expresa.

O Plano de normalización lingüística non é un prontuario máxico que vaia resolver por si mesmo calquera problema. Non é, moito menos, un corsé legal de obrigado cumprimento. Será o que entre todos e todas queiramos que sexa, exactamente igual que o futuro da lingua galega na nosa universidade. Aquí temos unha diagnose e unhas posibles solucións, froito dunha reflexión colectiva. De nós depende, exclusivamente, a necesaria normalización da lingua ou debera dicir, sen máis, normalidade?

LUÍS CAPARRÓS ESPERANTE
Vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación

Un dos obxectivos prioritarios do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña desde o momento en que a profesora Goretti Sanmartín Rei se fixera cargo da súa dirección no ano 2003, como consecuencia do relevo producido no goberno da UDC, foi a elaboración dun Plano de normalización lingüística que dotase a nosa institución dun instrumento necesario para impulsar a presenza da nosa lingua en todos os ámbitos da comunidade universitaria. O relevo na dirección do SNL levado a cabo cando o proceso de redacción do plano xa estaba avanzado non fixo variar o obxectivo fixado, de modo que o Consello de Goberno, na reunión do 14 de decembro de 2006, aprobou definitivamente e sen ningún voto en contra o texto previamente elaborado por unha comisión representativa dos diferentes sectores e estamentos da comunidade universitaria.

Xa con anterioridade, o Consello de Goberno aprobara tamén o Regulamento de usos da lingua galega na UDC, que supuxo un paso adiante importante na tarefa de dar cumprimento ás disposicións estatutarias que declaran o galego como lingua propia da institución; e para dar cumprimento tamén á propia Lei de normalización lingüística, aprobada por unanimidade no Parlamento galego no ano 1983, que marca a obriga de as institucións públicas impulsaren a normalización da lingua galega no seu ámbito de influencia, en coherencia igualmente co disposto no Estatuto de Autonomía, onde se declara o galego como lingua propia da Comunidade Autónoma. Por outra parte, no Plan xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade de todas as forzas políticas no Parlamento galego no ano 2004, sinalábase como punto débil a carencia dun plano de normalización lingüística da UDC.

Así pois, o Plano de normalización lingüística vén dar satisfacción a unha necesidade existente no ámbito da promoción do idioma propio da institución e, ao mesmo tempo, responde a unha demanda da comunidade universitaria. O Servizo de Normalización Lingüística, como canalizador e impulsor do proceso da súa elaboración, séntese, pois, moi satisfeito pola colaboración e o apoio das diferentes instancias universitarias na realización do plano e, moi especialmente, polo traballo eficaz da Comisión que se encargou da súa materialización, así como polas achegas das comisións de normalización lingüística dos centros en que se constituíron e de persoas a título individual. É este carácter aberto e participativo seguido no proceso de redacción e aprobación do plano unha boa base para a súa posta en práctica.

A normalización da lingua galega, patrimonio común de todos os galegos e galegas que as institucións públicas teñen a obriga de defender, debe ser un elemento de unión entre todos os membros da comunidade universitaria e obxectivo común dos diferentes sectores que a integran. De aí a necesidade de que todas as persoas que pertencemos á institución colaborem na posta en marcha deste plano. Con esa colaboración firme e decidida será como as medidas previstas nel se poderán levar a cabo de forma consensuada e efectiva.

XOSÉ RAMÓN FREIXEIRO MATO
Director do Servizo de Normalización Lingüística

PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA DA UDC

1. INTRODUCCIÓN

A consideración da promoción da extensión de usos da lingua galega como un obxectivo estratéxico da Universidade precisa dunha concreción que os órganos de Goberno da UDC asumiron ao decidiren conformar unha comisión para elaborar un plano de normalización lingüística. Este plano pretende ser, nesta liña, a materialización do compromiso da Universidade da Coruña coa normalización da lingua galega en todos os ámbitos da súa competencia.

A necesidade e a oportunidade de a UDC posuír un plano de normalización lingüística deben ir acompañadas dun amplo consenso entre a comunidade universitaria, pois é conveniente que todos os membros desta fagan seu o compromiso coa promoción do uso da lingua propia da institución. O proceso de normalización da nosa lingua, como núcleo central da nosa identidade, debe implicar todas as persoas que traballan ou estudan no ámbito da UDC, pois todas poden contribuír á normalización do idioma galego.

Existe, ademais, unha importante demanda da comunidade universitaria a respecto da acción normalizadora, un feito corroborado nos diferentes estudos existentes e que a UDC debe atender, situando a extensión dos ámbitos de uso do galego, como máis un factor de calidade e de excelencia, nun plano central da política universitaria para os próximos anos.

2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

O 29 de abril de 2005 o Consello de Goberno aprobou a creación da Comisión para a Elaboración do Plano de Normalización Lingüística. Nela integráronse os membros que se relacionan a continuación e que comezaron os seus traballos o 10 de maio de 2005:

D. Luís Caparrós Esperante, vicerreitor de Extensión Universitaria e Comunicación
D.^a Goretti Sanmartín Rei, directora do Servizo de Normalización Lingüística¹

Profesorado:

D. Xosé Ramón Freixeiro Mato, ámbito de humanidades
D. Antón Álvarez Sousa, ámbito de ciencias sociais e xurídicas
D. Primitivo González López, ámbito de ensino técnico
D. Eduardo González Gurriarán, ámbito de ciencias experimentais
D. Ramón Fernández Cervantes, ámbito de ciencias da saúde

¹ Foi substituída neste cargo con data 30 de xuño de 2006 por D. Xosé Ramón Freixeiro Mato. Ao estaren xa os traballos moi avanzados e formar parte o novo director do Servizo da comisión que preparou o documento que se presenta, decidiuse non incorporar outro membro do profesorado polo ámbito das humanidades.

Estudantado

D.^a Avia González Veira

D. Miguel Ratón Almuña

D. Juan Ignacio Doce Díaz

PAS

D. Salvador Peña Díaz

D.^a Pilar Comesaña Pérez

D.^a Susana Carballal Graña

Unha das primeiras medidas que se acordaron foi o fomento da creación de comisións de normalización nas escolas e facultades, coa intención de recoller directamente as propostas dos centros, de iniciar unha colaboración e propiciar a fluidez da comunicación entre a comunidade universitaria e o Servizo de Normalización Lingüística, un servizo con xa unha importante implantación nos servizos centrais mais con escasa presenza práctica e directa na vida diaria nos ámbitos da docencia e da investigación.

A formación destas comisións (que aínda carecen da suficiente solidez e implantación) supuxo un proceso lento mais frutífero e, finalmente, recolléronse importantes propostas para o debate, cuxos contidos foron incorporados ao texto que presentamos como documento de discusión. A redacción, pois, deste documento, para alén de recoller as propostas dos diferentes sectores (profesorado, alumnado e persoal de administración e servizos), responde aos intereses e ás preocupacións colectivas, incluíndo aquelas cuestións que os propios centros debateron e consideraron prioritarias e factibles, nunha liña de realismo que a Comisión quixo sempre transmitir.

A partir deste momento, a proposta someterase á aprobación, se proceder, dos órganos de goberno da UDC, os encargados, finalmente, de a valorar, de a executar e de a avaliar.

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN SOCIOLINGÜÍSTICA

3.1. SITUACIÓN LEGAL DA LINGUA GALEGA

3.1.1. A NIVEL INTERNACIONAL

O recoñecemento dos dereitos lingüísticos é hoxe un feito incuestionable por parte da comunidade internacional, algo que se traduce en diferentes regulamentos e recomendacións aprobados pola maioría dos gobernos e interiorizados como formantes dun corpus xeral de lexislación que pretende pór en valor a pluralidade lingüística e a diversidade cultural como valores fundamentais das sociedades modernas.

Nesta liña, xa na *Declaración universal dos dereitos humanos*, aprobada en 1948 pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, se establece que ningunha persoa pode ser discriminada, entre outras causas, polo idioma que utiliza, de tal maneira que o uso dunha determinada lingua é considerado un dereito fundamental.

3.1.2. A NIVEL EUROPEO

O documento máis importante neste espazo é a *Carta europea das linguas rexionais ou minoritarias*, un texto consensuado en Estrasburgo en 1992 e ratificado polo Estado español no ano 2000. A pesar de utilizar unha terminoloxía pouca acaída co caso galego, a importancia da Carta radica no feito de considerar un dereito imprescritible o de practicar unha lingua rexional ou minoritaria na vida privada e pública. Nesta liña, tal documento entende que «a protección e a promoción das linguas rexionais ou minoritarias nos diferentes países e rexións de Europa representan unha contribución importante á construción dunha Europa fundada nos principios da democracia e da diversidade cultural», unha cuestión que non pode ser obviada polas universidades, cuxo papel na construción dun espazo europeo debe ir acompañado do fomento dos seus específicos valores lingüísticos e culturais.

3.1.3. A NIVEL DO ESTADO ESPAÑOL

A Constitución española de 1978 establece no seu artigo 3 que o castelán é a lingua oficial do Estado (3.1), mais recoñece que o resto de linguas serán oficiais segundo se sinalar nos respectivos estatutos de autonomía (3.2.).

Pola súa banda, o Estatuto de Autonomía de 1981 no seu artigo cinco expón que o galego é a lingua propia de Galicia (5.1), e será oficial en toda a comunidade xunto co castelán (5.2). Así mesmo, establece que os poderes públicos garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas e potenciarán o emprego do galego en todos os planos sociais (5.3).

En 1983 o Parlamento galego aprobou a *Lei de normalización lingüística* coa finalidade de fomentar e difundir o emprego do galego. No artigo 12 establece que o galego será a lingua oficial do ensino en todos os seus niveis. Canto ao ensino universitario, garante o dereito de uso de calquera das linguas oficiais (15.1), así como pondera o emprego da nosa lingua coas medidas oportunas para a súa normalización (15.2).

O 22 de setembro de 2004 o Parlamento galego aprobou por unanimidade o *Plan xeral de normalización da lingua galega*. Nel, despois dunha presentación xeral sobre o camiño avanzado desde a aprobación da *Lei de normalización lingüística* e da diagnose da situación do galego na actualidade, recolle unha serie de medidas en todos os planos da vida pública.

Neste plano sinálanse os seguintes puntos fortes e débiles do ensino universitario²:

² Actualizamos xa algún dos datos que se sinalan, como por exemplo a aprobación do plano de política lingüística da Universidade de Vigo, algo posterior á elaboración do *Plan xeral de normalización da lingua galega*.

ANEXOS

PUNTOS FORTES	PUNTOS DÉBILES
<p>– Lexislación favorable para a lingua galega nas tres universidades (nos estatutos respectivos)</p>	<p>– A normalización lingüística nunca foi considerada un obxectivo prioritario ou estratéxico das universidades</p>
<p>– A situación das universidades galegas é potencialmente favorable para a lingua e a súa normalización, dado que a maioría do profesorado e do alumnado é orixinario de Galicia. – O alumnado chega á universidade cun coñecemento do galego cada vez máis alto.</p>	<p>– O ensino superior foi desde sempre un espazo moi castelanzado e moi refractario á presenza normal da lingua galega</p>
<p>– O galego é a lingua institucional das universidades galegas. – A administración universitaria realízase en galego, así como a grande maioría dos servizos.</p>	<p>– A presenza do galego na docencia universitaria segue sendo moi inferior á docencia en castelán. – A investigación realízase principalmente en castelán ou en inglés. – Existen áreas de coñecemento cunha moi escasa implantación do galego (áreas tecnolóxicas ou científicas, por exemplo).</p>
<p>– Na USC aprobouse e púxose en marcha un plano de normalización lingüística no ano 2002. – Na Universidade de Vigo aprobouse en decembro de 2004 e púxose en marcha no ano 2005 un plano de política lingüística.</p>	<p>– A Universidade da Coruña aínda non aprobou un plano de normalización lingüística.</p>
<p>– Existe infraestrutura para a xestión normalizadora (servizos de normalización lingüística). – O Servizo de Normalización Lingüística da USC constitúe un referente de organización e de xestión normalizadora a nivel galego.</p>	<p>– Precariedade dos servizos lingüísticos da Universidade de Vigo e da Universidade da Coruña, sobre todo a nivel de recursos humanos.</p>
<p>– Hai recursos económicos para a extensión da lingua galega nas universidades, tanto propios de cada universidade, como procedentes dos convenios coa Secretaría Xeral de Política Lingüística.</p>	<p>– Falta recursos humanos propios para levar a cabo os diferentes programas de asesoramento, formación e dinamización.</p>
	<p>– Existe unha escasa coordinación entre a política lingüística das tres universidades. – A formación universitaria dos futuros docentes nos distintos niveis de ensino non os capacita suficientemente para desenvolveren o seu labor en galego e para seren axentes normalizadores.</p>

3.2. O GALEGO NA UDC

3.2.1. NORMATIVAS

A Universidade da Coruña establece que a súa lingua propia é o galego, segundo se recolle no artigo 5.2 dos Estatutos, aprobados en 2004. Ademais, subliña que se fomentará o seu uso en todas as actividades.

Por outra banda, existe tamén un regulamento de usos da lingua galega, aprobado en xullo de 2004, onde, para alén de establecer cales deben ser os usos lingüísticos internos e externos da institución, a Universidade asume a responsabilidade, con plena consciencia, de contribuír na normalización da nosa lingua. Alén diso, destaca a necesidade de se dotar dun marco de referencia que indique claramente un modelo que tenda cara a un uso cada vez maior da lingua propia de Galicia, e de propor, asemade, as actuacións que considerar máis axeitadas para contribuír ao proceso de normalización do galego.

3.2.2. DIAGNÓSTICO

3.2.2.1. A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

Partimos, nesta análise sobre a situación da lingua galega na UDC, do traballo coordinado polo profesor Álvarez Sousa³, cuxos datos foron recollidos a finais de 2003. En grandes liñas, a realidade que reflicte este estudo é a dun uso moi escaso tanto na docencia como na investigación e mesmo a existencia de importantes deficiencias na documentación administrativa e de xestión, un ámbito xa case totalmente galeguizado nas outras universidades galegas. Especialmente preocupantes son os usos orais, cuxa recuperación e potenciación deben ser definidos como factores chave no proceso de normalización de usos do galego na UDC. Como elementos positivos cabería sinalar a alta competencia lingüística do alumnado e, sobre todo, a consciencia da comunidade universitaria sobre a necesidade de fomentar máis o emprego da lingua galega. A todo isto hai que lle acrecentar, como elemento esperanzador, a vontade do equipo de goberno de planificar un proceso de extensión de usos do galego.

Presentamos, a seguir, algún dos datos máis relevantes do estudo que citamos.


Comprensión do galego dos membros da UDC			
% que entende, sabe falar, sabe ler e sabe escribir en galego ('moi ben' + 'ben')	Colectivos		
	Alumnado	PAS	PDI
Entende	95,97	95,38	92,43
Sabe falar	79,71	68,82	58,84
Sabe ler	92,84	92,15	85,14
Sabe escribir	82,99	70,60	47,11

³ Álvarez Sousa, A. (coord.) (2005): *Análise sociolingüística da Universidade da Coruña* (A Coruña: Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña).

3.2.2.2. ANÁLISE POR SECTORES


3.2.2.2.1. ESTUDANTADO

Como é habitual, non existe correspondencia entre unha alta competencia –motivada, fundamentalmente, pola incorporación da lingua galega ao ensino primario e secundario– e un uso real moi baixo.




3.2.2.2.2. PROFESORADO

No caso do persoal docente e investigador, tanto polo factor idade como por existiren persoas de fóra da nosa comunidade autónoma ou que pasaron longas tempadas no exterior, a competencia lingüística en galego é bastante máis baixa que no sector do estudantado. Este feito tradúcese, dada a proximidade entre galego e castelán, nun dominio bastante elevado das competencias pasivas (entender e ler) e nunha diminución moi substancial dese dominio nas competencias activas (falar e escribir).



3.2.2.2.3. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Canto ao persoal de administración e servizos, o nivel de competencia é bastante alto, aínda que non chega ao do alumnado. Tamén no uso escrito existe unha importante porcentaxe de persoas que emprega o galego, unha cuestión que se explica por se dedicaren a tarefas administrativas e de xestión, cuxo ámbito é un dos máis galeguizados da vida universitaria.



3.2.3. OS USOS LINGÜÍSTICOS NA UDC

3.2.3.1. INTERNOS

Se atendemos ao que recolle o Regulamento de usos da lingua galega na Universidade da Coruña, os usos lingüísticos internos deben facerse sempre en galego, unha cuestión que está practicamente xeneralizada nos documentos de xestión, académicos ou xurídicos, mais que aínda ten eivas claras nas comunicacións formais (oficios, convocatorias de xuntanzas, citacións etc). Este aspecto, que podería considerarse unha apreciación subxectiva, recóllese perfectamente no dato de existir unha porcentaxe dun 22% do persoal de administración e servizos que emprega sempre o castelán para redactar os documentos internos da Universidade da Coruña. De calquera maneira, desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega, e tras un proceso de formación e reciclaxe no noso idioma que procurou situar este procedemento como central ao dar a posibilidade de se realizar en horario laboral, estanse a producir certas mudanzas de hábito da escrita que poden supor unha redución desta porcentaxe nun curto prazo de tempo.

3.2.3.2. EXTERNOS

Canto aos usos lingüísticos externos, a situación variou moito desde a aprobación do Regulamento de usos da lingua galega, onde se establece que será o galego a lingua empregada con institucións e entidades públicas e privadas da nosa comunidade autónoma e que existirán versións bilingües (galego/lingua oficial da institución ou entidade

receptora) no caso de se dirixiren estas comunicacións a lugares exteriores a Galicia. Porén, a rutina nuns hábitos moi consolidados provoca que as modificacións sexan lentas, e constátase, en ocasións, que non se cumpre o Regulamento de usos da lingua galega.

A respecto da publicidade e das páxinas web, a situación é tamén moi desigual, pois o emprego xeral da lingua galega en todo aquilo que sae dos edificios centrais ou que se publica na páxina web oficial da UDC, non vai acompañado do mesmo tratamento se falarmos de publicidade sectorial ou conveniada con outros actores sociais ou institucionais, nin de páxinas web de centros e departamentos.

3.2.3.3. DOCENCIA



Canto aos usos da lingua galega na docencia, cómpre repararmos nos seguintes datos, que fan visible a realidade lingüística maioritaria da vida académica ao situar a porcentaxe de emprego do galego (en exclusiva ou como idioma maioritario) na docencia nun 10%:

Lingua que emprega o profesorado para explicar nas aulas		Frecuencia	Porcentaxe válida
Válidos	Só galego	36	6,6
	Maioritariamente galego	13	2,4
	Só castelán	370	67,4
	Maioritariamente castelán	110	20,0
	NS/NC	20	3,6
	Total	549	100,0
Perdidos	Sistema	6	
Total		555	

3.2.3.4. INVESTIGACIÓN

A influencia da avaliación estatal e do feito de se ver como necesario un recoñecemento internacional propician o emprego do inglés e do español como linguas fundamentais da investigación universitaria.

Só un 2,3% do persoal docente e investigador emprega o galego para redactar os traballos científicos e de investigación. Un 9,9% emprega o galego e o castelán. É dicir, en total un 12,2% emprega o galego, quer de xeito exclusivo, quer alternando co castelán.



A grande maioría do PDI da UDC non publicou ningún traballo científico en galego. Só un 26,8% o fixo.

En xeral, o perfil do persoal docente e investigador que utiliza o galego responde aos seguintes trazos: varóns, nados en vilas galegas, fillos de persoas con estudos primarios incompletos ou universitarios e pertencentes ao ámbito científico das humanidades.

3.2.4. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS NA UDC

O Servizo de Normalización Lingüística da Universidade da Coruña tivo en anos precedentes un problema de carencia de recursos humanos e materiais, que o propio *Plan xeral de normalización da lingua galega* reconece. A pesar das melloras alcanzadas durante a última etapa, aínda nestes momentos, para alén da persoa que dirixe o Servizo (un docente que non ten ningunha redución da súa carga lectiva), só conta cunha persoa fixa, unha técnica de grao superior.

O traballo que xera o Servizo de Normalización Lingüística esixe (tal e como demostra a propia RPT) un mínimo dun equipo de tres persoas estables, para alén de persoas bolseiras de apoio. Só coa existencia e consolidación dun grupo de traballo poderán irse forxando os perfís máis adecuados para as diferentes tarefas que o servizo debe asumir e que inclúen, para alén do asesoramento lingüístico, a formación e a dinamización.

3.2.4.1. A FORMACIÓN

Nun intento de superar unha situación en que se consideraba que o Servizo de Normalización era o único responsable da calidade lingüística, converténdoo en moitas ocasións nun simple receptor e tradutor de textos, unha política de formación máis acaída (cunha mudanza cuantitativa e cualitativa na oferta) está a potenciar a corresponsabilidade dos textos que cada persoa realiza. A necesidade de actualizar o coñecemento lingüístico, a dispoñibilidade actual de recursos e ferramentas tecnolóxicos e a introdución de contidos máis variados (que van desde a lingua oral e o coñecemento de técnicas de redacción á procura dun estilo adecuado co rexistro e nivel en que nos situamos) foron a liña de traballo fundamental do Servizo nos últimos anos.

3.2.4.2. O ASESORAMENTO LINGÜÍSTICO

Un dos labores fundamentais do Servizo de Normalización Lingüística continúa a ser o de corrección e tradución de textos, ao que hai que acrecentar a resolución de dúbidas puntuais ou o asesoramento telefónico e a través do correo electrónico.

A pesar do esforzo que o Servizo realizou para ofrecer un servizo de calidade e rápido, é evidente que o persoal é insuficiente para unha universidade moi deficitaria, con carencias aínda moi grandes na formación dos seus membros e, sobre todo, con inercias moi grandes que levan a ser o español a lingua en que máis segura se sente a comunidade que a conforma.

3.2.4.3. ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN

O espazo que estas dúas actividades (a formación e o asesoramento lingüístico) deixan para as accións de dinamización é cativo. Cómpre, por tanto, reforzar esta liña de actuación, cuxo principal resultado foi a creación das comisións de normalización nos seguintes centros:

- Facultade de Dereito
- Facultade de Ciencias
- Facultade de Informática
- Facultade de Ciencias da Educación
- Escola Técnica Superior de Arquitectura
- Facultade de Económicas
- Facultade de Filoloxía
- Ciencias da Saúde

4. PLANO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

4.1. OBXECTIVOS XERAIS

- a) Aumentar a sensibilidade da comunidade universitaria sobre o uso do galego.
- b) Velar polo cumprimento das leis e das normativas de que nos dotamos colectivamente (a comunidade universitaria e a sociedade galega) en materia de normalización lingüística.
- c) Garantir a posibilidade de se expresaren en galego, oralmente e por escrito, os membros da comunidade universitaria que o desexaren.
- d) Propiciar que o galego sexa a lingua habitual de comunicación, de expresión e de traballo da comunidade universitaria.
- e) Conseguir para a lingua galega máis espazos de uso e fomentar a súa presenza en sectores estratéxicos.
- f) Promover unha visión de utilidade e de modernidade da lingua galega.
- g) Dotar o galego dos recursos lingüísticos e técnicos necesarios que o capaciten para vehicular a vida moderna.
- h) Impulsar o plurilingüismo na comunidade universitaria.
- i) Difundir a nosa realidade lingüística fóra da comunidade autónoma galega.

4.2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

4.2.1. A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

- a) Garantir o coñecemento da lexislación lingüística e o respecto polos dereitos lingüísticos.
- b) Promover o aumento da presenza da lingua galega nas diferentes tarefas universitarias, especialmente naquelas en que o seu uso é moi escaso.
- c) Usar as novas tecnoloxías para a normalización lingüística.
- d) Potenciar a actitude de atender o/a cidadán/á ou o/a usuario/a en galego.
- e) Implicar todos os membros da comunidade universitaria no proceso de normalización lingüística e no desenvolvemento do plano da UDC.
- f) Difundir a realidade lingüística entre os membros da comunidade universitaria procedentes de ámbitos xeográficos non galegos.

4.2.2. O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

- a) Incrementar o uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais da docencia, procurando os recursos que apoiem a reciclaxe do profesorado e que posibiliten a comprensión do galego por parte do alumnado foráneo.

- b) Mellorar a competencia lingüística en galego do persoal docente e investigador.
- c) Aumentar o emprego da lingua galega nas tarefas de investigación e de divulgación dos coñecementos científicos.
- d) Promover entre o profesorado a cultura do respecto á diversidade lingüística e cultural como índice de calidade na docencia.

4.2.3. O ESTUDANTADO

- a) Incrementar o uso da lingua galega como un dos idiomas instrumentais no proceso de ensino-aprendizaxe.
- b) Consolidar a competencia lingüística en galego do estudantado e favorecer o seu coñecemento por parte daquel que procede doutras áreas lingüísticas.
- c) Promover o emprego da lingua galega nos traballos de investigación, nos traballos de curso e nos exames.
- d) Favorecer o uso da lingua galega por parte do estudantado.
- e) Promover a interacción lingüística en galego como norma habitual.

4.2.4. PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- a) Consolidar a lingua galega como idioma habitual de uso na xestión universitaria e mais nos servizos, tanto por escrito como oralmente.
- b) Mellorar a competencia lingüística en galego do persoal de administración e servizos.
- c) Garantir un coñecemento da lingua galega por parte do persoal de administración e servizos axustado ás necesidades lingüísticas do posto de traballo que ocupa.
- d) Garantir a corrección lingüística e de estilo de toda a documentación para usos internos e externos que xere a UDC.

4.2.5. ÁMBITO DAS RELACIÓNS DA UDC COA SOCIEDADE

- a) Dar apoio ás iniciativas que vinculen a UDC co seu contorno sociocultural e socioeconómico
- b) Sensibilizar a sociedade galega sobre o uso do galego.

4.3. MEDIDAS

4.3.1. A COMUNIDADE UNIVERSITARIA

- a) Compromiso público efectivo de os cargos institucionais faceren uso do galego no desempeño da súa función representativa.
- b) Demanda da utilización da lingua galega en todos os organismos en que a Universidade da Coruña participa.
- c) Obriga de ter recollida e actualizada información lingüística relativa á UDC, con avaliación e seguimento da presenza do galego na docencia, na investigación e na xestión.
- d) Existencia de cláusulas lingüísticas nas concesións dos servizos e nas actividades dos organismos xestionados pola UDC, con seguimento do seu cumprimento.

- e) Realización de campañas de sensibilización entre PDI, PAS e alumnado na defensa do galego, así como conmemoración do Día dos Dereitos Lingüísticos (UNESCO, 21 de febreiro) e o Día das Linguas (Consello de Europa, setembro).
- f) Realización de campañas de difusión dos dereitos lingüísticos para seren coñecidos, usados e reclamados por todos os membros da comunidade universitaria.
- g) Creación de comisións de normalización lingüística e elaboración de planos de normalización lingüística en todos os centros.
- h) Realización de cursos xerais e por especialidades científicas, enmarcados no proceso de formación do profesorado, do alumnado e do PAS, e dotados dos correspondentes incentivos que se fixaren para a asistencia a cursos de formación.
- i) Potenciación de convenios e intercambios de alumnos/as, profesores/as e persoal de administración e servizos coa área lusófona.
- l) Organización de actividades conxuntas con entidades culturais, asociativas, recreativas e deportivas do contorno da UDC para favorecer a normalización lingüística.
- m) Establecemento de fórmulas de colaboración con empresas e institucións locais co obxectivo de favorecer o emprego do galego, estender o seu uso e mellorar a súa valoración social.
- n) Deseño e realización de actuacións destinadas á análise crítica dos prexuízos existentes sobre o galego e o seu papel na Universidade.
- o) Información sobre os recursos existentes (correctores lingüísticos, tradutores, léxicos específicos etc.) e oferta destes ao conxunto da comunidade universitaria.
- p) Instalación das versións dispoñibles en galego de todo o software utilizado na Universidade da Coruña: xestión, laboratorios, aulas Net e promoción de todo o software libre que exista en galego.
- q) Asesoramento lingüístico para os recursos docentes.
- r) Promoción da tradución de textos de tipo xeral relacionados coas diferentes titulacións e, complementariamente, uso das traducións portuguesas, para o que se fomentará a implicación dos servizos de publicación das universidades.
- s) Creación dunha web similar a www.softcatala.org, en colaboración coas outras universidades galegas, coa Xunta de Galicia e con outras institucións, para o que pode ser o punto de partida www.mancomun.org.
- t) Inclusión de cuestións sobre o uso do galego nas enquisas de avaliación do alumnado e do profesorado.
- u) Promoción dunha etiqueta cun certificado de normalización lingüística para páxinas web.
- v) Incluír nas competencias do/a valedor/a universitario/a a defensa dos dereitos lingüísticos dos membros da comunidade universitaria.
- x) Tendencia a que, nun prazo razoable, o Servizo de Publicacións publique, cando menos, un 50% dos seus volumes en galego.

4.3.2. O PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR

- a) Valoración do dominio oral e escrito do galego en calquera tipo de concurso a prazas de profesorado, dentro da tendencia a ofertar unha docencia en lingua galega en todas as titulacións que se equipare coa oferta en castelán.
- b) Inclusión nos programas de calidade da fixación de obxectivos, cuantificados e con prazos, de incorporación progresiva da docencia en galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- c) Establecemento dun mínimo de créditos troncais e obrigatorios, cando menos un terzo, para seren impartidos en idioma galego, tanto en cada departamento como en cada titulación no seu conxunto.
- d) Apoio instrumental ao profesorado que estea disposto a impartir a docencia en galego.
- e) Deseño e desenvolvemento de planos de formación que garantan a competencia oral e escrita e a mellora das actitudes e da valoración do idioma, elementos necesarios para desenvolver a actividade profesional en galego.
- f) Oferta de cursos de formación lingüística, tanto de galego oral e conversacional como escrito ou de especialidade.
- g) Procura do uso normal do galego en calquera tipo de cursos de formación que impartir a UDC.
- h) Impulso do desenvolvemento da investigación en lingua galega, pulando pola existencia de revistas e publicacións relevantes neste idioma. Concesión de axudas para a elaboración de publicacións, especialmente divulgativas, en galego, así como para a realización de traballos de investigación en lingua galega.
- i) Recomendación de que aquel profesorado que non imparte a docencia en galego cando menos faga referencia á terminoloxía correspondente nesta lingua.
- l) Tendencia a que as materias se vinculen coa realidade galega e co galego.
- m) Solicitar ao profesorado que estimule a participación activa do alumnado nas aulas en lingua galega.
- n) Tendencia á docencia en galego dos novos grupos de materias xa existentes que se desdobrearen por calquera motivo (número de persoas matriculadas etc.).
- o) Difusión de información sobre editoriais en lingua portuguesa para favorecer o emprego de bibliografía, sobre todo manuais, nesa lingua, en ausencia de referencias en galego.

4.3.3. O ESTUDANTADO

- a) Fomento entre o alumnado do valor da diversidade lingüística, do multilingüismo e do aprecio pola lingua galega como distintivos de modernidade e universalidade.
- b) Organización de cursos específicos de lingua galega que respondan ás necesidades lingüísticas do estudantado e que cumpran os seguintes requisitos: computaren como créditos de libre configuración para estudantes procedentes doutros ámbitos educativos diferentes do galego ou, se se tratar de cursos de alta especialización para estudantes da comunidade galega, seren gratuítos e seren impartidos en distintas franxas horarias para facilitar a asistencia.

- c) Oferta de cursos de galego gratuítos e de actividades de integración cultural para o estudiantado de fóra da comunidade lingüística galega.
- d) Oferta ao alumnado de vocabularios e outros materiais bibliográficos en lingua galega da súa especialidade.
- e) Recoñecemento da maior promoción profesional que pode supor o dominio do galego tanto na nosa comunidade como en Portugal.
- f) Axudas para a realización das teses de licenciatura, de doutoramento e doutros traballos de investigación en lingua galega.
- g) Difusión dos dereitos lingüísticos do alumnado e garantías do seu respecto por toda a comunidade universitaria.
- h) Garantía de que o alumando poida recibir e realizar os exames en galego.
- i) Estimulación ao alumnado para este participar activamente nas aulas en lingua galega.
- l) Vinculación parcial ao uso do galego das axudas ás asociacións estudiantís.
- m) Incorporación nas titulacións de contidos sociolingüísticos e pedagóxicos para formar axentes normalizadores do galego.

4.3.4. O PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

- a) Divulgar axeitadamente a normativa relacionada co uso do galego e recomendar periodicamente o seu cumprimento.
- b) Afondar na formación do persoal de administración e servizos organizando cursos de lingua galega, en horario de traballo e nos dous campus da Universidade:
 - a. Xerais
 - b. Específicos, en función das necesidades de cada posto, prestando especial atención á competencia lingüística oral nos servizos de atención directa ao público
- c) Garantir que o plano de formación permanente do PAS se desenvolva en galego, facilitando o asesoramento preciso.
- d) Pór en valor a formación en lingua galega tanto nos procesos de selección como nos de promoción, incorporando un técnico en normalización como asesor dos tribunais nas probas para garantir a adecuación das esixencias ás funcións de cada posto.
- e) Explotar as novas tecnoloxías como vehículo normalizador e de formación, pór a disposición de todos os servizos versións en galego de programas e correctores lingüísticos; organizar accións formativas non presenciais e asesorar os servizos encargados da creación das páxinas web.
- f) Fomentar a creación de comisións dentro de cada área que se encarguen, co asesoramento do servizo de normalización, da creación de formularios e documentación de uso común en galego.
- g) Impulsar a inclusión nos manuais de funcións das distintas categorías profesionais, nos manuais de procedemento dos servizos e nas cartas de servizos dos centros das normas necesarias para garantir que se utilice o galego como idioma de inicio na atención ao público.

- h) Incluír nas convocatorias, tanto de concurso oposición como de concurso de traslados, un capítulo para a baremación da competencia en lingua galega.
- c) Establecer nos informes de avaliación de calidade e no plano estratéxico da Universidade, índices de medición da calidade en función da atención e do uso do galego.
- l) Ofertar todas as ferramentas informáticas necesarias para o desempeño da súa función en galego.

4.3.5. ÁMBITO DAS RELACIÓNS DA UDC COA SOCIEDADE

- a) Potenciar a investigación sobre a situación sociolingüística.
- b) Potenciar o papel da UDC como axente dinamizador do uso do galego na sociedade.
- c) Colaborar con outras institucións e con outros organismos, nomeadamente coas demais universidades galegas, na organización de actividades que fomenten e melloren o uso da lingua galega na sociedade.

Por último, a respecto do Servizo de Normalización Lingüística débense ter en conta as seguintes medidas específicas:

- a) Centrar as funcións do SNL nas tarefas de asesoramento e apoio na elaboración e avaliación dos planos de normalización tanto dos centros como xeral da Universidade.
- b) Coordinar o SNL cos das outras universidades galegas para optimizar e compartir recursos, experiencias etc.
- c) Impulsar un servizo de terminoloxía que sexa aberto e participativo cara a toda a comunidade galega.
- d) Apoiar a corrección dos materiais de aula empregados polo profesorado.
- e) Elaborar e difundir vocabularios específicos.
- f) Apoiar tecnicamente o profesorado para a elaboración e a tradución de material bibliográfico básico.
- g) Elaborar e editar materiais e recursos para o ensino en lingua galega.

Consideracións finais

Para a elaboración deste Plano de normalización lingüística partiuse da análise da situación sociolingüística na UDC baseada en datos do ano 2003. En consecuencia, resulta conveniente revisar estes periodicamente, de modo que se dispoña dunha actualización constante da información ao respecto. Nesta tarefa, así como en todas as demais derivadas da posta en vigor do presente Plano, deberán implicarse os diferentes estamentos e servizos da Universidade, pois a normalización lingüística debe ser unha responsabilidade compartida por toda a comunidade universitaria.

Será esa información actualizada a que permita avaliar adecuadamente de forma periódica os resultados derivados da aplicación do Plano e, por tanto, comprobar a eficiencia das medidas levadas a cabo, para o cal o Consello de Goberno nomeará unha comisión estable de seguimento do Plano.

O Consello de Goberno da UDC, finalmente, dotará o Plano cos recursos materiais e humanos necesarios para a súa posta en funcionamento.

